A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 27 de setembro de 2021, resolveu anunciar a convocatoria para a concesión de oito bolsas formativas co obxecto de realizar unha formación en prácticas nas materias de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e contratación, e xestión parlamentaria, e unha bolsa destinada a persoa con discapacidade intelectual para a formación en prácticas nas áreas de asistencia xeral e administrativa.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. *Obxecto*

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes nove bolsas:

1. Oito bolsas individuais para contribuír á formación en prácticas de persoas con titulación universitaria. As modalidades de bolsa que se convocan son as seguintes:

a) 2 bolsas en arquivo, biblioteca e documentación.

b) 2 bolsas en comunicación institucional.

c) 2 bolsas en publicacións.

d) 1 bolsa en recursos humanos e contratación.



e) 1 bolsa en xestión parlamentaria.

2) 1 bolsa adicional destinada a persoas con discapacidade intelectual igual ou superior ao 33 % para contribuír á formación nas áreas de asistencia xeral e administrativas, con titulación universitaria ou formación profesional.

Segunda. *Condicións xerais*

1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables.

2. A concesión e o gozo da bolsa non suporá vinculación civil, laboral ou funcional entre a persoa bolseira e o Parlamento de Galicia ou a súa administración.

3. A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.

Terceira. *Duración e contía*

1. As bolsas terán unha duración de doce meses.

A data do seu inicio comunicaráselles ás persoas beneficiarias simultaneamente á súa concesión.

2. A contía total de cada bolsa será de 12.000 € (doce mil euros) brutos, que se percibirán logo de finalizado cada mes do prazo da súa duración, a razón de 1.000 € (mil euros) e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.

Caso de se producir o inicio ou a fin da actividade formativa en día distinto ao primeiro ou último do mes, respectivamente, a persoa bolseira percibirá a asignación proporcional ao número de días do mes en que desenvolva a formación.

3. Mensualmente, o responsable da unidade correspondente da Administración do Parlamento de Galicia emitirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da persoa bolseira das obrigas a que se refiren os puntos 2.b), 2.c), 2.d) e 2.e) da base décimo quinta.

4. Así mesmo, as persoas beneficiarias da bolsa contarán coa cobertura outorgada pola Seguridade Social segundo a normativa vixente en cada momento e dentro dos requisitos e condicións propios de este tipo de bolsas.

Cuarta. *Requisitos das persoas solicitantes das bolsas de formación en prácticas de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria*

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.



b) Posuír as seguintes titulacións universitarias:

1) Para as bolsas de arquivo, biblioteca e documentación: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, grao en Información e Documentación, grao en Xestión Dixital de Información e Documentación.

2) Para as bolsas de comunicación institucional: grao ou licenciatura universitaria en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual.

3) Para as bolsas de publicacións: grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1^a lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, grao en Lingua e Literatura Galegas, graduado en Estudos de Galego e Español con itinerario en lingua galega e española.

4) Para a bolsa de recursos humanos e contratación: grao ou licenciatura en Dereito ou grao en Dirección e Xestión Pública.

5) Para a bolsa de xestión parlamentaria: grao ou licenciatura en Dereito ou Ciencias Políticas e da Administración, grao en Dirección e Xestión pública.

c) As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2015-2016 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

d) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

e) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia, ou non ter realizado máis dun terzo do período íntegro da bolsa por substitución dunha renuncia.

Quinta. *Requisitos das persoas solicitantes con discapacidade intelectual*

a) Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.

b) Ter recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual, cunha afección nun grao igual ou superior ao 33 %.

c) Acreditar posuír unha das seguintes titulacións académicas: titulación universitaria, titulación de formación profesional. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2015-2016 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

d) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia.

Sexta. *Formalización das solicitudes*

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da Internet: www.parlamentodegalicia.gal

As solicitudes poderánse presentar:

- Preferentemente, na sede electrónica do Parlamento de Galicia no seguinte endereço da Internet: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/bolsas>.
- De modo presencial, mediante cita previa (teléfono 981551300), ante o Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, nº63, 15701 Santiago de Compostela - A Coruña), en horario de rexistro que se publicará na web do Parlamento de Galicia.
- Por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación vía correo electrónico (servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal), na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo VI.

2. A documentación acreditativa dos méritos que se presente en papel deberá ser orixinal ou estar compulsada.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán validos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

3. O prazo para presentar as solicitudes será de vinte días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Séptima. *Documentación que se deberá achegar coas solicitudes para as bolsas de formación en prácticas de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria*

No momento da presentación da solicitude a persoa interesada deberá presentar a documentación que se relaciona a continuación:

- a) Copia do documento nacional de identidade ou documento de identificación de estranxeiría.
- b) Certificado do Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- c) Certificación académica na que expresamente conste a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico, na escala numérica de 0 a 10, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo



que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan a referida certificación e documentación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán achegar a correspondente tradución xurada.

d) Méritos académicos e profesionais que a persoa solicitante somete á valoración. Só contabilizáran aqueles méritos dos que se achegue unha proba documental e na que se acredite a súa veracidade.

No referido ao coñecemento doutras linguas nacionais e idiomas estranxeiros acreditarase, mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou institucións ou centros recoñecidos oficialmente, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCERL).

Nas epígrafes referidas á informática, cursos de formación e idiomas relacionados co obxecto destas bolsas non se valorarán aqueles que forman parte da puntuación con que se determina a nota media dos estudos académicos presentados.

No caso de que existan méritos que poidan valorarse en diferentes apartados só se valorarán no que resulte máis beneficioso para a persoa solicitante.

Esta documentación deberase presentar ordenada, debidamente paxinada e acompañada dun índice, conforme a relación de méritos que figura no anexo II.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos e certificados que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

Oitava. *Documentación a achegar coas solicitudes para as persoas con discapacidade intelectual*

- a) Copia do documento nacional de identidade ou documento de identificación de estranxeiría.
- b) Titulación académica exixida (titulación universitaria, titulación de formación profesional de grado básico, medio ou superior).
- c) Certificado de discapacidade e ditame técnico facultativo que acredite que ten recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual en grao igual ou superior ao 33 %.

Para o caso de non quedar acreditado suficientemente o grao de discapacidade intelectual, este poderá ser comprobado polo Parlamento de Galicia ante os órganos da Administración responsables de emitir os citados certificado e ditame, para o cal a persoa aspirante deberá marcar na solicitude o correspondente recadro de autorización.

- d) Informe actualizado de vida laboral.



e) Relación dos méritos de formación que a persoa solicitante somete a valoración consonte estas bases, para o cal será imprescindible axustarse ao modelo que figura no anexo III.

Valoraranse outras formacións relacionadas con cursos oficiais (homologados ou impartidos por entidades que operan no ámbito social das persoas con discapacidade), e non oficiais, así como o tempo que figure como demandante de emprego, que se acreditará cun certificado de tempo de demanda de emprego.

Esta documentación deberase presentar ordenada, debidamente paxinada e acompañada dun índice. Non se valorarán aqueles méritos que non estean debidamente acreditados.

Novena. *Instrucción*

1. O Servizo de Persoal e Réxime Interior será a unidade competente para a instrución dos procedementos de concesión das bolsas.

2. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución coa relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas en atención ao cumprimento dos requisitos exixidos na páxina web www.parlamentodegalicia.gal e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Esta proposta será motivada e notificada a todos as persoas solicitantes, abrindo un prazo de alegacións de dez días hábiles.

3. De o suposto de non concesión se deber a que a solicitude non reúne os datos ou os documentos exixidos, a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos. Se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. Transcorrido o prazo e estudiadas as correccións e documentos achegados, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución coa listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. A estimación ou desestimación das peticións de correccións entenderase implícita na publicación da resolución.

6. Aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido a continuación.

Décima. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colegiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nestas bases, así como de propoñer a concesión ou denegación das bolsas ás persoas interesadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: O letrado oficial maior ou a letrada ou letrado que se designe.

Vogais:

— A persoa responsable, respecto de cada tipo de bolsa, do servizo competente do Parlamento de Galicia na materia obxecto de formación práctica ou a persoa funcionaria do grupo A dese servizo que se designe.

Actuará de secretario o xefe do Servizo de Persoal e Régime Interior ou a persoa funcionaria do grupo A da súa unidade que se designe.

3. A comisión de valoración constituirase na sede do Parlamento de Galicia. Das súas deliberacións e acordos levantarase acta coa sinatura da secretaria ou do secretario e co visto e prace da presidenta ou do presidente da comisión.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Décimo primeira. *Criterios de valoración das bolsas de formación en prácticas de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan no seguinte punto.

A documentación achegada nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán vir acompañada da correspondente tradución xurada.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios:

2.1. Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.



2.2. Bolsas de comunicación institucional:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.3. Bolsas de publicacións:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, especialmente no ámbito da tradución (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.4. Bolsa de recursos humanos e contratación :

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.5. Bolsas de xestión parlamentaria:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos doutras lingua cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

Décimo segunda. *Criterios de valoración da bolsa para a persoa con discapacidade intelectual de formación en prácticas*

Para a concesión da bolsa realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan no seguinte punto.

A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios, ata un máximo de 18 puntos:

a) Titulación (ata 7 puntos):

- Formación profesional básica: 2 puntos.
- Formación profesional de grao medio (o certificado de profesionalidade será asimilado á formación profesional de grao medio): 3 puntos.
- Formación profesional de grao superior: 4 puntos.
- Título universitario: 5 puntos.
- Se os títulos de formación profesional ou universitaria son da rama administrativa, sociolóxica ou xurídica: 2 puntos máis.

Para o caso de que cos cursos profesionais para o emprego (FPE) obtivese o certificado de profesionalidade, valorarase o máis favorable para a persoa solicitante.

Se a comisión de selección require que se acredite a titulación que se alega deberase presentar o título ou certificado do centro ou organismo educativo de telo superado.

b) Cursos e prácticas laborais (ata 10 puntos):

- Cursos de formación ou perfeccionamento convocados, organizados, impartidos ou homologados por institutos, escolas oficiais, entidades de interese público e de defensa das persoas con discapacidade e/ou axentes sociais, excluída a formación regrada.



De 12 a 20 horas: 0,25 puntos.
De 21 a 40 horas: 0,50 puntos.
De 41 a 60 horas: 0,75 puntos.
De 61 a 90 horas: 1 punto.
De 91 a 120 horas: 1,25 puntos.
De 121 a 300 horas: 2 puntos.
De 301 a 600 horas: 5 puntos.
Máis de 600 horas: 7 puntos.

Cando a duración se exprese en anos ou se indique «curso escolar», estimarase a priori unha duración de 600 horas, sen menoscabo da verificación que se faga con base na documentación que se requira.

No suposto en que a duración se exprese en meses, estes serán computados da seguinte maneira: por cada mes computaranse 60 horas.

En caso de non constar a duración do curso, valorarase con 0,10 puntos.

Para o caso de que se sinalen diversos cursos de similar contido só se computará aquel que permita a obtención de maior puntuación.

Para valorar adecuadamente os cursos do presente apartado, na solicitude (anexo III) deberán constar as horas do curso, ou, na súa falta, os meses ou anos de duración, ou que esta foi durante un curso escolar.

— As prácticas laborais desenvolvidas en organismos públicos ou avaladas ou homologadas por estes valoraranse como cursos oficiais, en función da súa duración. En todo caso, as prácticas integradas na formación regrada ou en cursos alegados non serán obxecto de valoración adicional.

c) Demandante de emprego

Estar rexistrado/a como demandante de emprego, polo menos cun ano de antigüidade ininterrompidamente, contado desde a data de publicación da convocatoria: 1 punto.

Décimo terceira. *Procedemento e proposta da comisión de valoración*

1. Unha vez rematado o proceso de valoración dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración confeccionará unha lista para cada modalidade de bolsa coa puntuación das persoas candidatas ordenada de maior a menor e elaborará unha proposta, que lle elevará á Mesa do Parlamento, para que as persoas que obteñan a maior puntuación nas respectivas modalidades sexan as beneficiarias das bolsas. As listas utilizaranse de reserva para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa.

2. Para as bolsas de formación previstas no apartado 1.1 destas bases (8 bolsas), no suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:



- 1) A maior puntuación obtida polo expediente académico.
 - 2) A maior puntuación obtida pola formación académica adicional.
 - 3) De manterse o empate, dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.
3. Para a bolsa de formación prevista no apartado 1.2 destas bases (1 bolsa), no suposto de empate nas puntuacións de dúas ou más persoas aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:
- 1) Ter maior puntuación no apartado de titulación académica.
 - 2) Ter maior puntuación no apartado de cursos e prácticas laborais.
 - 3) Ter maior antigüidade como demandante de emprego.
 - 4) Sorteo entre as persoas aspirantes empatadas.
4. Á vista da proposta da comisión de valoración, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará resolver a concesión das bolsas, na que constará a relación cos datos de identificación das persoas beneficiarias e das suplentes coas puntuacións acadadas, se as houber, ou a declaración de deserta dalgunha bolsa ou da súa totalidade, e ordenará a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, co que se dará así por cumplido o trámite de notificación, sen prexuízo das comunicacóns individuais que se lles efectúen ás persoas beneficiarias polos medios telemáticos que se empreguen.
- A identificación das persoas beneficiarias e suplentes das bolsas realizarase mediante a publicación do nome e apelidos e catro cifras do documento oficial de identidade (conforme as orientacións publicadas pola AEPD).
5. Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
6. As persoas solicitantes non beneficiarias dispoñerán dun prazo de seis meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para recuperaren a documentación presentada. Rematado o devandito prazo, a documentación non retirada será destruída.

Décimo cuarta. *Aceptación ou renuncia*

1. Unha vez publicado e comunicado o acordo da concesión das bolsas, as persoas beneficiarias deberán aceptar ou renunciar no prazo máximo de dez días hábiles, desde o día seguinte ao da

súa publicación. Transcorrido o devandito prazo, se a persoa beneficiaria non se declara en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

2. No caso de que as persoas adxudicatarias non aceptaren a bolsa, ou non puideren incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas polas persoas que figuren na lista de reserva en función da súa puntuación.

3. A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establecerase na comunicación da concesión da bolsa. De as persoas adxudicatarias non se incorporaren nesa data, perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa debidamente xustificada do atraso, así apreciada pola Oficialía Maior, que deberá ser alegada e xustificada por escrito no referido prazo. No suposto de incorporación tardía áinda que xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

4. As vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, a criterio da Administración parlamentaria, ao incremento do número do resto de bolsas que rexistrasen maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de oito bolsas. A súa cobertura, se é o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

5. No caso de renuncia á bolsa durante o desenvolvemento desta, a persoa adxudicataria deberá presentar o correspondente escrito dirixido á Mesa da Cámara segundo o modelo que figura no anexo V.

A Administración parlamentaria poderá, en función das circunstancias concorrentes, substituíla pola persoa que figure por orde de puntuación na lista de reserva, para o período de desfrute res-

Décimo quinta. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas finanziadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubriren algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. Obrigas da persoa beneficiaria:

a) A persoa bolseira, polo só feito de solicitar esta bolsa, comprométese a aceptar as bases desta convocatoria e as demais normas que resultan aplicables como consecuencia da súa concesión.

b) Cumprir co programa de formación en prácticas establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos, estudos ou informes que lle determine o Parlamento de Galicia. Así mesmo, deberá asistir ás actividades que o Parlamento considere convenientes para a súa formación.



c) Cumprir as normas de asistencia e realizar a actividade formativa durante os doce meses de duración da bolsa, no horario e no departamento da Administración parlamentaria, conforme se lle asigne e con suxección ás indicacións dos seus responsables. As prácticas terán unha duración semanal de trinta horas presenciais e/ou telemáticas cando se precise.

d) Observar a maior discreción e confidencialidade sobre os documentos e as informacións que puider coñecer durante o período de duración da bolsa e que non se fixesen públicos.

e) Non ter adquirido nin adquirir durante o período de duración da bolsa ningún compromiso ou obriga que impida o seu cumprimento íntegro, agás renuncia expresa dela.

3. Os traballos realizados polas persoas bolseiras serán de propiedade do Parlamento de Galicia e non poderán ser utilizados polos autores sen a correspondente autorización.

4. Se por parte da persoa beneficiaria dalgunha das bolsas existir interese en asistir a actividades formativas fóra do Parlamento, a persoa interesada deberá cursar unha petición ao seu responsable da unidade de modo xustificado, detallando a relación entre a actividade á que pretende concorrer e a bolsa da que goza.

Os responsables de unidade poderán autorizar a súa asistencia de observar que tal actividade pode complementar a súa formación, sempre que non incorra en ningunha das incompatibilidades previstas no apartado 1 desta base sobre incompatibilidades, obrigas e cumplimentos das persoas bolseiras.

No caso de ser autorizado e asistir, a persoa interesada deberá posteriormente presentar un informe-memoria da actividade formativa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas poderán gozar dun período de descanso, no período ordinario de vacacións do persoal da administración parlamentaria, de dúas semanas continuadas, ou partidas en dous períodos dunha semana. Do mesmo modo, poderán gozar de catro días de descanso desde a semana de Nadal ata o día de Reis.

A determinación concreta do inicio e fin destes períodos correspóndelle ao xefe da unidade administrativa onde estea formándose a persoa bolseira, atendendo ás necesidades organizativas do servizo.

6. As interrupcións da bolsa por supostos de baixa por incapacidade temporal (enfermidade ou accidente), risco durante o embarazo e descanso por maternidade ou paternidade non darán lugar en ningun caso á posibilidade de recuperar o período interrompido.

Décimo sexta. *Incumprimento das condicións*

1. A constatación da existencia de ocultación, alteración ou manipulación de datos ou calquera outro suposto de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar á obriga de lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas, más os xuros legais que procedan, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer a persoa beneficiaria.



2. O Parlamento de Galicia reserva para si o dereito de suspender ou, de ser o caso, de revogar o gozo da bolsa, no suposto de que a persoa bolseira non realizar o traballo para a súa formación en prácticas en condicións satisfactorias, cando se deixaren de reunir os requisitos que se exixiron para a súa concesión, faltas de asistencia non xustificadas ou cando se incumpriren, sen causa que o xustifique, as condicións establecidas nestas bases.

Décimo séptima. *Recursos*

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo oitava. *Facultades da Presidencia*

Facúltase a Presidencia do Parlamento de Galicia para ditar as resolucións necesarias para o axeitado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN EN BOLSAS DE FORMACIÓN

DATOS DA PESSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
NOME DA VÍA			NUM	ANDAR PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO		

REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TIPO DE REPRESENTACIÓN

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Medio de notificación preferente					
<input type="checkbox"/> Electrónica a través do endereço da Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal . Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada					
<input type="checkbox"/> Postal (cubrir o endereço só se é distinto do indicado anteriormente)					
NOME DA VÍA			NUM	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		

OBXECTO DA SOLICITUDE: (indicar a modalidade de bolsa que solicita (cfr. base 1º) e, se é o caso, o tipo e grao de discapacidade)				

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:				
DNI				
Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4				
Certificación académica				
Relación de méritos académicos				
Anexos que figuran nas bases				
Outros				



ANEXO II
Relación de méritos da persoa solicitante

(arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións,
recursos humanos e contratación, xestión parlamentaria)

Apelidos:

Nome:.....

1. Titulación universitaria requerida:

Graduada/o:

Universidade de:

Data de iniciación da titulación universitaria:.....

Data de obtención da titulación universitaria:

2. Expediente académico:

Nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10)

3. Formación académica adicional:

3.1. Outros graos, licenciaturas e diplomaturas (distintas das exixidas para optar á bolsa) ou formación profesional (técnico superior) relacionada co obxecto da bolsa:

Título	Universidade	Nº de páxina do expediente documental

3.2 Títulos de posgrao (grao de doutor, máster universitario, diploma de estudos avanzados, especialista universitario, experto/a universitario e outros):

Título	Centro que o expide	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental



4. Outros estudos e experiencias, nos ámbitos requiridos:**4.1. Cursos nos ámbitos requiridos:**

Cursos	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental

4.2. Experiencias nos ámbitos requiridos:

Prácticas e experiencia	Institución, centro, empresa	Duración (meses)	Nº de páxina do expediente documental

5. Coñecementos de idiomas cooficiais e estranxeiros:

Idioma	Título, curso	Duración (horas)	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente



Quen asina declara que os datos subliñados son correctos e certos e que están xustificados documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

....., de de 2021

(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamiento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal dos bolseiros e bolseiras serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumplir coa finalidade para a que se recollerón e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas únicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia, con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico pdcg@parlamentodegalicia.gal.

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal



ANEXO III
Relación de méritos da persoa solicitante
(bolsa destinada a persoa con discapacidade intelectual)

Apelidos:

Nome:.....

1. Formación académica (titulación grao universitaria, ciclo formativo de grao superior, ciclo formativo de grao medio, ciclo formativo de grao básico):

.....
.....
.....
.....

Data de obtención da titulación:

2. Outra formación:

Título	Centro que o expide	Nº de páxina do expediente documental	
Cursos oficiais	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental
Cursos non oficiais	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental



3. Demandante de emprego:

Tempo que consta como demandante de emprego (data):.....

Quen asina declara que os datos subliñados son correctos e certos e que están xustificados documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

....., de de 2021

(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamiento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal dos bolseiros e bolseiras serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumplir coa finalidade para a que se recollerón e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia, con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal

ANEXO IV

Declaración responsable

_____ , con DNI/NIF _____
Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
Provincia _____

En cumprimento do establecido na base décimo quinta da convocatoria para a concesión de bolsas formativas no Parlamento de Galicia, como beneficiario dunha bolsa na modalidade de.....,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que, no caso de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa, me comprometo a lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

....., de do 2021

(Sinatura da persoa beneficiaria)



ANEXO V

Modelo de renuncia á percepción da bolsa

_____ con DNI/NIF _____

Enderezo _____ CP _____ Localidade _____

Provincia _____

En cumprimento do establecido na base décimo cuarta, apartado 5) da convocatoria para a concesión de bolsas de formación no Parlamento de Galicia, manifesto a miña vontade de renunciar á percepción da bolsa que me foi outorgada na modalidade de a partir do, e motivada nas seguintes razóns:

Comunico esta renuncia para os efectos oportunos

....., de de 2021

(Sinatura da persoa interesada)



ANEXO VI

Modelo de comunicación de presentación da solicitude

....., con
DNI/NIF núm.endereço, C.P.
....., localidade,
provincia, teléfono fixo, teléfono
móvel....., correo electrónico
.....,

Manifesto que presentei unha solicitude para a obtención dunha bolsa para formación práctica de, no Parlamento de Galicia, con data no

(Cómpre especificar o medio utilizado, dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.)

....., de de 2021

(Sinatura da persoa interesada)

Enviar vía email: servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:28:07
Nº Rexistro: 22454
Data envío: 22/09/2021 13:28:07.475
Data 22/09/2021 13:28

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral escrita **número 4758**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o estado de redacción en que se encuentra e o prazo previsto polo Goberno galego para a posta en marcha do primeiro plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia**”, (publicada no BOPG número 46, do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“O 24 de marzo de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta pregunta número de rexistro 6907 sobre a elaboración e aprobación do primeiro plan de igualdade da Xunta de Galicia a proposta do Grupo dos Socialistas de Galicia, no Pleno do Parlamento galego, e tan só un día despois, o 25 de marzo de 2021, respondía a pregunta urgente número de rexistro 12313 sobre a elaboración e aprobación do primeiro plan de igualdade da Xunta de Galicia a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Un dos compromisos da Xunta de Galicia é o fortalecemento de accións en prol da igualdade de xénero e de oportunidades en todos os ámbitos, tamén no seu ente de xestión, a Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Neste sentido, o I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia, e outras medidas que estamos a desenvolver para estimular a igualdade na dimensión interna da administración, está sendo traballado no marco do diálogo con todas as organización sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos (CIG, CCOO, UGT e CSIF) coa finalidade de acadar o establecemento dunhas medidas eficientes e eficaces que atendan as necesidades reais da nosa administración.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



Con todo, cabe subliñar que o camiño a seguir para elaborar o Plan viuse alterado por mor dos cambios acontecidos nas condicións e exixencias de análise diagnóstica e de elaboración dos datos, trala aprobación de dous Reais Decretos estatais, o Real Decreto 901/2020 polo que se regulan os plans de igualdade e o Real Decreto 902/2020 de igualdade retributiva entre homes e mulleres.

Non obstante, este plan afianzará áínda máis o compromiso que o Goberno galego xa ten coa igualdade de oportunidades, como mostra a lexislación autonómica, que no seu artigo 48 do decreto legislativo 2/2015 en materia de igualdade prevé actuacións especiais no caso de infra-representación feminina nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría, entre outras medidas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:28:04





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número **6891**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a xestión por parte da Consellería de Emprego e Igualdade das solicitudes dos programas integrados de emprego no ano 2020**”, (publicada no BOPG número 104, do 1 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Débese sinalar que constitúen dúas entidades diferentes xa que no caso dos concellos de Dodro, Rois, Padrón, Rianxo, Pontecesures e Valga trátase de entidades locais e no caso da Fundación trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e aínda que solicitaron unha subvención ao abeiro da mesma Orde de convocatoria de axudas non concorren ao crédito da mesma aplicación orzamentaria.

O artigo 4 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2020 establece que poderán ser beneficiarias desas subvencións:

- a) Os concellos, mancomunidade de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello
- b) As entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro

Establecéndose para cada unha delas un crédito orzamentario diferenciado e polo tanto as solicitudes presentadas compiten de forma separada e independente polo crédito convocado. Dado que se trata dunha convocatoria sometida ao procedemento de concorrencia competitiva (procedemento no que se comparan as solicitudes presentadas en aplicación duns criterios de valoración previamente fixados na convocatoria e se establece unha



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



prelación das solicitudes en función da puntuación total acadada) a puntuación que acade cada entidade en aplicación do baremo establecido en relación co resto de solicitantes e a limitación orzamentaria de cada unha das aplicacións é o que determina que unha entidade resulte beneficiaria ou non.

Por outra banda sinálase que os créditos das convocatorias de subvencións para programas integrados de emprego de Galicia están financiados con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal. No ano 2020 produciuse unha importante redución dos fondos finalistas para a formación procedentes do Estado que foi acompañada dunha gran incerteza sobre a percepción real dos mesmos non existindo confirmación da percepción deses fondos ata o 30 de setembro de 2020.

Presentáronse 30 solicitudes sendo rexeitadas 23, precisamente pola falta de fondos que tiñan que chegar desde o Goberno de España.

Relación de entidades solicitantes 2020-2021 Programas Integrados de Emprego:

CONCECIDAS
CONCELLOS DE AMES
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL
CONCELLO DE BOIRO
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
MANCOMUNIDADE DO SALNÉS
CONCELLO DE MOS
CONCELLO DE ARTEIXO
REXEITADAS
CONCELLO DE CUNTIS
CONCELLO DE REDONDELA
CONCELLO DE DODRO
MANCOMUNIDADE DE ORDES
CONCELLO DE RIBADAVIA
CONCELLO DE CERCEDA
CONCELLO DE LALÍN
CONCELLO DO CARBALLIÑO
CONCELLO DA LARACHA
CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:46:33

Nº Rexistro: 22145

Data envío: 20/09/2021 12:46:33.234

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

CONCELLO DE CHANTADA

CONCELLO DE FERROL

CONCELLO DE MOAÑA

CONCELLO DE PALAS DE REI

CONCELLO DE CAMARIÑAS

CONCELLO DE TUI

CONCELLO DE VIGO

CONCELLO DO PORRIÑO

FUNDACIÓN CULTURAL A ESTRADA

CONCELLO DE CANGAS

CONCELLO DE BETANZOS

CONCELLO DE TOMIÑO

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:46:27





Asunto: Solicitud de documentación

En relación co seu escrito con rexistro de saída número **4483** (rexistro de entrada número **17548**) polo que esa Presidencia do Parlamento de Galicia da traslado á petición de documentación sobre **“Copia das facturas contabilizadas pola Secretaría Xeral de Deportes durante os anos 2019,2020, e o que vai de 2021, de gasto corrente ou inversión destinado a clubes deportivos, culturais e asociacións sen ánimo de lucro en xeral do concello de Ribadeo”** formulada por don Daniel Castro García -do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego-, teño a honra de trasladarlle, en virtude do disposto no artigo 9.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a documentación facilitada pola Secretaría xeral para o Deporte:

Melmac Rally Factory	G70583414	CO	Narón	Automobilismo	X		Renuncia expresa
Moledo C.F.	G36734226	PO	Vigo	Fútbol	X	(?)	Xunta directiva
Motoclub Os Reventapistós	G70512199	CO	Ribeira	Motociclismo		X	Falta anexo III. Alta aplicacíons.
Quenlla Surf Club	G27864032	PO	Nigrán	Surf	X		AEAT(A)
Santiago Futsal	G15728975	CO	Santiago de C.	Fútbol (Sala)	X	X	AEAT (B); SS
SKT Club Deportivo	G70611371	CO	Noia	Boxeo	X		AEAT (A). Anexo III sen asinar. Alta aplicacíons.
Speedcross	G70604707	CO	Padrón	Atlet., Ciclismo, Triatlón		X	AEAT (A). Falta anexo III. Falta poder de representación.
Visantoña C.F.	G15436942	CO	Mesía	Fútbol		X	Renuncia expresa

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:10:02





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:27:59
Nº Rexistro: 22453
Data envío: 22/09/2021 13:27:59.615
Data 22/09/2021 13:27:59.615

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 7603, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas**”, (publicada no BOPG número 80, do 21 de xaneiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non é allea a que a pandemia da covid-19 está golpeando de maneira más forte a uns grupos sociais que a outros e é coñecedora da súa responsabilidade porque ningúén se quede atrás no avance social e na consolidación socioeconómica da Comunidade Autónoma. Por ese motivo, a Xunta está a impulsar medidas diagnósticas e actuacións activas para atallar un problema social como é o impacto que está a ter a covid-19 nas mulleres galegas.

Neste sentido, a Consellería de Emprego e Igualdade, en cumprimento do seu deber co Parlamento galego, remitiu á Comisión non permanente especial de estudio sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, seis informes dos cales catro conteñen, no seu total ou ben nalgunha das súas partes principais, a perspectiva de xénero:

- Informe sobre os centros de información ás mulleres da Secretaría Xeral da Igualdade (ano 2020).
- Informe sobre acción e avaliación da Secretaría Xeral da Igualdade durante a covid-19.
- Informe sobre o impacto de xénero da covid-19 e medidas a adoptar para paliar e corrixir as desigualdades entre mulleres e homes.
- Informe de análise do impacto da covid-19 no mercado laboral en Galicia.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Nos mesmos, aparecen reflectidos datos e conclusións sobre a situación da muller por mor da covid-19, provenientes de distintos organismos, internacionais, nacionais e mesmamente autonómicos, como son a Organización Internacional do Traballo (OIT), a Organización das Nacións Unidas (ONU), a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), a Unión Europea (UE), o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (IMIO) e a Universidade de Vigo, entre outros.

Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que polo tanto a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero, para que non se incrementen as desigualdades xa existentes. Ademais dos anteditos informes, levouse a cabo un estudio propio sobre o impacto da covid-19 no emprego feminino galego.

En consecuencia, Administración autonómica, puxo en marcha diversas medidas para apoiar a conciliación, corresponsabilidade e igualdade laboral, entre as que destacan, entre outras, as axudas para apoiar a redución da xornada de traballo, a maternidade ou paternidade das persoas traballadoras autónomas e para a promoción da igualdade laboral en concellos e empresas.

Complementariamente, estanse a levar a cabo actuacións no eido da formación para o emprego e para o impulso da contratación de mulleres e do emprendemento feminino, sendo esencial a formación dos traballadores e traballadoras e das organizacións empresariais e sindicais en materia de igualdade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:27:55





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:45:54
Nº Rexistro: 22141
Data envío: 20/09/2021 12:45:54,312
Data 20/09/2021 12:45

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta **número 8217**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de prorrogar o selamento de oficio das demandas de emprego mentres existan medidas restritivas da mobilidade ou de acceso aos edificios administrativos**”, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Público de Emprego de Galicia séguese a traballar de xeito comprometido e constante para promover as comunicacións entre demandantes de emprego e administración por medios telemáticos, máis ca nunca agora que a situación derivada da covid-19, fixo necesario adiantarse e fomentar novos medios que fagan que ese avance telemático unha realidade nos servizos administrativos de cara á cidadanía, e neste caso, sobre todo, habilite funcionalidades e solucións necesarias e eficaces para os demandantes de emprego.

Desde as oficinas de emprego estase a facer fincapé na información exhaustiva, directa e comprensible de novos xeitos de acceder a diferentes trámites, impulsando a información e fomentando á utilización de medios dixitais para realizar os trámites habituais en emprego Galicia.

Desde o pasado ano e debido á situación provocada pola covid-19, intensificouse o traballo e dedicación ao iniciar un programa de tutorización dixital para ás persoas demandantes de emprego, a través do cal o persoal de orientación do Servizo Público de Emprego presta as nocións básicas de utilización do correo electrónico e de navegación pola web, nocións precisas para雇用 os seus servizos, e que estaban dedicadas a facilitar o acceso ás persoas con baixas habilidades dixitais.

A partir do 1 de xaneiro do 2021 recuperouse a necesidade de renovar a demanda para acreditar o interese en manter a inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Por isto, e para fazer fronte a esta nova situación, desde Emprego Galicia tomáronse unha serie de medidas a efectos de corrixir posibles incidencias, por exemplo:

- Envío masivo de correos electrónicos e SMS con información para as persoas inscritas. Publicación no portal web e nas redes sociais da información sobre a necesidade da renovación da demanda, os medios e as datas para facelo.
- Habilitouse a renovación da demanda a través do portal sen necesidade de usuario e contrasinal, empregando unicamente o identificador do DNI ou NIE e un PIN xerado e enviado automaticamente ás persoas demandantes inscritas.
- Habilitouse a renovación a través do teléfono de información 012 (981 900 643).

Xunto a estas medidas mantívose a renovación a través da app MOBEM, dos puntos de información e da oficina virtual empregando usuario e contrasinal.

Ademais ata o 30 de xuño de 2021, para facilitar a transición á necesidade da renovación da demanda, desde Emprego Galicia recuperouse, sen necesidade de xustificación, as demandas de emprego de todas as persoas que comunicaron algúun problema na renovación, xa sexa descoñecemento, esquecemento ou outro motivo, e manifestaron a súa vontade de permanecer inscritas en Emprego Galicia.

Froito de todo este esforzo de comunicación, adaptación a nova realidade xerada tralo impacto da pandemia e motivado polas necesidades constantes de mellora, eficacia e resolución, grazas ao desenvolvemento destas novas vías de renovación da demanda, pódese amosar a evolución da renovación das demandas de emprego do ano 2019 e 2021 nas diferentes provincias galegas:

Renovacións	2019		2021	
	Oficina	Telemáticos	Oficina	Telemáticos
A Coruña	58,14 %	41,86 %	16,29 %	83,71 %
Lugo	75,94 %	24,06 %	26,89 %	73,11 %
Ourense	74,97 %	25,03 %	26,45 %	73,55 %
Pontevedra	72,91 %	27,09 %	19,44 %	80,56 %

Cos datos antes referidos pódese comprobar e acreditar que se conseguiu non só dar un servizo urgente e necesario para a cidadanía dun xeito novo, próximo e accesible senón que tamén grazas a esa adaptación e creación de novos medios, solucións e ferramentas, duplicouse e incluso se



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/09/2021 12:45:54

Nº Rexistro: 22141

Data envío: 20/09/2021 12:45:54.312



triplicou a utilización dos medios telemáticos desde o ano 2019 ao ano 2021 polo que a renovación da demanda se está a realizar con normalidade repercutindo en modo positivo na implementación e innovación dos servizos públicos e dando a resposta axeitada e eficaz que os demandantes de emprego necesitan."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:45:50





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 9297, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a consideración polo Goberno galego en relación á inclusión dos traballadores e traballadoras do mar na seguinte etapa de vacinación contra a covid-19**”, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DO MAR**, que ten o seguinte contido:

“O 13 de maio comezou a vacinación dos mariñeiros por parte do Goberno autonómico.

Trátase dun asunto no que o Executivo galego levaba solicitando desde febreiro que se actuase con celeridade e no que sempre actuou coa máxima lealdade institucional respectando os protocolos que se aproban nos Consellos Interterritoriais do Sistema Nacional de Saúde -nos que participan o Goberno central e as comunidades autónomas-.

A autorización do Ministerio de Sanidade supón o inicio do protocolo para optimizar a vacinación dos mariñeiros da frota galega, no que a Xunta precisa acceder aos datos dos que dispón o ISM, como o censo de todos os profesionais do mar, para que o proceso se realice do xeito máis áxil e eficiente posible.

O Executivo galego comenzou o proceso de vacinación cos mariñeiros das frotas de altura e gran altura e continuar pola baixura tendo en conta as especiais características do sector. En moitos casos son barcos que realizan mareas de máis de 10 días e non contan coa posibilidade de atención sanitaria inmediata ao tempo que se enfrentan ás dificultades para manter as distancias de seguridade. Ademais, algunhas das súas campañas son estacionais polo que o posible confinamiento das tripulacións pon en risco a rendibilidade das embarcacións.





Con data 30 de agosto de 2021 vacináronse a 4.372 mariñeiros de 762 barcos.

Precisamente, as estancias longas en alta mar limitan tamén a dispoñibilidade dos mariñeiros para acudir á subministración da vacina, polo que Galicia defendeu desde o primeiro momento a posibilidade de destinar o soro dunha única dose a este colectivo, tal e como se está a facer.

O Executivo galego lamenta que o Ministerio de Sanidade tardase en comprender as peculiaridades do traballo do mar e lembra que o sector foi declarado esencial durante a pandemia e, malia non ter máscaras de protección nin poder manter as distancias de seguridade a bordo, saíu todos os días a faenar para que non faltase alimento de calidade nos mercados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institutionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 10:35:25





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22371
Data envío: 21/09/2021 21:18:54.204
Data 21/09/2021 21:18

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número **9341**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a xestión do Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore**”, (publicada no BOPG número 92, do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xunta de Galicia, e en concreto desde as áreas de medicina do traballo e hixiene industrial do ISSGA, e coa colaboración da autoridade mineira e axentes sociais, realizáronse diversos estudos epidemiolóxicos que consistiron en recoñecementos médicos específicos, unidos a comprobacións da exposición laboral a po, ruído e vibracións. Ademais, segue aberta unha liña de recoñecementos médicos específicos para os traballadores post-expostos que acudan voluntariamente aos centros do ISSGA.

Asemade, no Plan de actividades do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia – 2021, concrétanse actuacións de comprobación, información e sensibilización específicas nos traballos con risco de exposición a po de sílice en todas as actividades en que é elevado este risco: louse, granito, construcción, aglomerados de cuarzo, etc.

Ademais, destácase que a ficha de actividade 5.16 denominada ‘Traballos con risco de exposición a po de sílice’, do Plan de actividades do ISSGA – 2021, contou coa opinión favorable por unanimidade de todos os interlocutores sociais, e pretende concluir, en primeira instancia, se as enfermidades profesionais que se están a notificar na actualidade son debidas a exposicións anteriores de traballo e se nalgún caso, a enfermidade se podería desenvolver por non existir a xestión preventiva por parte da empresa actualmente.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/09/2021 09:30:00

Nº Rexistro: 22371

Data envío: 21/09/2021 21:18:54.204



A todo isto engádese que o ISSGA tamén coordina o Grupo de Traballo de Silicose creado no seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, que está a analizar a actual incidencia desta patoloxía en Galicia para, posteriormente, deseñar e desenvolver as liñas de traballo más adecuadas.

O ISSGA tamén liderou estudos, xunto coa autoridade mineira e colaboración de asociacións de empresarios e organizacións sindicais, de po, ruído e vibracións nas catro provincias, cunha maior incidencia en Ourense e Pontevedra. Os estudos complementáronse con campañas de promoción e prevención e programas de visitas dos técnicos aos centros de traballo para a mellora das condicións e da xestión na manipulación destes materiais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:18:49





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22369
Data envío: 21/09/2021 21:18:32.751
Data 21/09/2021 21:18

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número **9381**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración que fai o Goberno galego do impacto que está a ter a crise económica xerada pola covid-19 na situación laboral das mulleres e as medidas que está a adoptar ou previstas para afrontar esta situación**”, (publicada no BOPG número 92, do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“O 24 de febreiro de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á interpelación urgente número de rexistro 9382 sobre a política do Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19 a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento galego.

A Xunta está a reforzar o apoio á muller fronte aos efectos da covid-19 con diversas medidas e programas de axudas e que contemplan iniciativas para impulsar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, fomentar o emprego e a formación e atender ás vítimas da violencia de xénero.

Por ese motivo, levou a cabo diferentes informes como o Estudo sobre o emprego feminino galego no contexto da covid-19, para poder seguir deseñando actuacións para avanzar cara á igualdade de oportunidades.

En consecuencia, a Administración autonómica, conta con diversas medidas para apoiar a conciliación, corresponsabilidade e igualdade laboral, entre as que destacan, entre outras, as axudas para apoiar a redución da xornada de traballo, a maternidade ou paternidade das persoas traballadoras autónomas e para a promoción da igualdade laboral en concellos e empresas.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Complementariamente, estanse a levar a cabo medidas no eido da formación para o emprego e para o impulso da contratación de mulleres e do emprendemento feminino, sendo esencial a formación dos traballadores e traballadoras e das organizacións empresariais e sindicais en materia de igualdade. Por iso, a Xunta será pionera en 2021 ao poñer en marcha un programa dirixido a garantir que os axentes sociais contan con coñecementos en materia de igualdade laboral."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:18:28





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 9598, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Pablo Arangüena Fernández sobre “os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao concello de Cereda”, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, que ten o seguinte contido:

“En primeiro termo, cómpre ter presente que a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), respecto da que se solicita información, creouse polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

A súa estrutura está regulada no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no que se sinala que quedan adscritos á Vicepresidencia primera a Academia Galega de Seguridade Pública, a Axencia Galega de Emerxencias e a Axencia de Turismo de Galicia.

A estrutura da anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulábase no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, no que se sinalaba que quedaban adscritos á Vicepresidencia a Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública e a Axencia Galega de Emerxencias.

Tendo en conta o anterior, o grupo socialista solicita a relación dos convenios, subvencións e axudas outorgadas pola Vicepresidencia primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) aos concellos que se reflicten na seguinte táboa e nos anos que se indican:

Anos dos que se require información	Concello
2020	Cereda
2020	Abegondo
2020	Bergondo



Xacobeo 21·22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



2020	Betanzos
2020	Aranga
2020	Oza-Cesuras
2020	Miño
2020	Paderne
2020	Curtis
2020	Coirós
2020	Arzúa
2020	Sobrado dos Monxes
2020	Melide
2020	Santiso
2020	Boimorto
2020	Toques
2020	Frades
2020	Verín
2020	Vilardevós
2020	Riós
2020	Castrelo do Val
2020	A Mezquita
2020	A Gudiña
2020	Oímbra
2020	Laza





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



2020	Cualedro
2020	Castro Caldelas
2020	Parada do Sil
2020	Trives
2020	Manzaneda
2020	Montederramo
2020	Chandrexá de Queixa
2020	A Teixeira
2020	San Xoán de Riós
2020	Xinzo de Limia
2020	Sandiás
2020	Trasmiras
2020	Porqueira
2020	Sarreaus
2020	Os Blancos
2020	Baltar
2020	Vilar de Barrio
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Veiga
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Arnoia
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Avión
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Beade
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Beariz
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Boborás





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/09/2021 16:30:00

Nº Rexistro: 22603

Data envío: 23/09/2021 14:04:33.724



2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Carballeda de Avia
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Carballeda de Valdeorras
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Carballiño
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Castrelo de Miño
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Cenlle
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Irixo
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Larouco
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Leiro
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Maside
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Melón
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Barco
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Petín
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Piñor de Cea
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Punxín
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Ribadavia
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	San Amaro
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	San Cristovo de Cea
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Viana do Bolo
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Vilamartín
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Rúa
2016, 2017, 2018, 2019 e 2020	Rubiá



Xacobeo 21·22



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



A este respecto débese ter en conta que a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, impuxo a publicidade obligatoria de todas as subvencións e demais axudas públicas. Ese modelo de publicidade instrumentouse a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (en adiante, BDNS).

Así, o artigo 2 do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, regula como ámbito obxectivo da BDNS:

“A BDNS conterá información sobre todas as subvencións e as seguintes axudas públicas:

- a) As entregas dinerarias sen contraprestación contempladas no artigo 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- b) As axudas en especie contempladas na disposición adicional quinta da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- c) Os avais e demais garantías, préstamos, achegas de financiamento de risco, anticipos reembolsables e demais medidas de carácter financeiro que supoñan unha vantaxe económica a favor dos seus beneficiarios, salvo cando vaian dirixidos ás Administracións públicas contempladas no artigo 3.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- d) Os beneficios fiscais e os beneficios nas cotizacións á Seguridade Social que teñan a consideración de axuda de estado por implicar unha vantaxe económica de carácter selectivo, sempre que superen os límites mínimos esixidos polas normas comunitarias.
- e) As subvencións e demais axudas a partidos políticos.
- f) Calquera outra axuda de carácter non fiscal que sexa considerada, a efectos do Dereito da Unión Europea, como axuda estatal de acordo co previsto no artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e as normas que o desenvolván.”

Polo tanto, a información solicitada pode ser consultada no seguinte enlace:
<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdntrans/ge/es/convocatorias>.

Pola súa banda, e a maior abundancia respecto aos convenios de colaboración, o artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, establece que cada consellería ou entidade terá que remitir para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos referida ao cuadrimestre anterior.

Así, a relación de convenios asinados por esta Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas) e os seus entes instrumentais pódense consultar nas seguintes publicacións do Diario Oficial de Galicia:




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



RESOLUCIÓN	DOG	ENLACE
ANO 2016		
RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2016, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuatrimestre do ano 2016.	DOG nº 100, do 27 de maio de 2016	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2016/20160527/ Anuncio0150-190516-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro cuatrimestre do ano 2016.	DOG Núm. 112, 14 de xuño de 2016	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2016/20160614/ AnuncioG0244-060616- 0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 14 de setembro de 2016, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuatrimestre do ano 2016.	DOG nº 186, 29 de setembro de 2016	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2016/20160929/ Anuncio0150-210916-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no segundo cuatrimestre do ano 2016.	DOG Núm. 198, 18 de outubro de 2016	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2016/20161018/ AnuncioG0244-071016- 0011_gl.html
CORRECCIÓN de errores. Resolución do 19 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no segundo cuatrimestre do ano 2016.	DOG Núm. 203, 25 de outubro de 2016	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2016/20161025/ AnuncioG0244-191016- 0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 5 de outubro de 2016, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuatrimestre do ano 2016.	DOG Núm. 206, 28 de outubro de 2016	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2016/20161028/ AnuncioO3C2-201016-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 16 de novembro de	DOG Núm. 236, 13 de decembro de 2016	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2016/20161213/ AnuncioO3C2-021216-0001_gl.html





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



2016, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2016.		
RESOLUCIÓN do 5 de xaneiro de 2017, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no terceiro cuadrimestre do ano 2016.	DOG nº 15, 23 de xaneiro de 2017	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2017/20170123/ Anuncio0150-120117-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 19 de xaneiro de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2016.	DOG Núm. 27, 8 de febreiro de 2017	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2017/20170208/ AnuncioG0244-020217- 0001_gl.html
ANO 2017		
RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2017, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre do ano 2017.	DOG nº 102, 31 de maio de 2017	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2017/20170531/ Anuncio0150-220517-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro cuadrimestre do ano 2017.	DOG Núm. 121, 27 de xuño de 2017	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2017/20170627/ AnuncioG0244-160617- 0003_gl.html
RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2017, da Academia galega de	DOG Núm. 154, 14 de agosto de 2017	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2017/20170814/ Anuncio03C2-030817-0001_gl.html





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



Seguridade Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2017.		
RESOLUCIÓN do 5 de setembro de 2017, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por este organismo no segundo cuadrimestre do ano 2017.	DOG nº 174, 13 de setembro de 2017	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170913/Anuncio0150-060917-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2017.	DOG Núm. 192, 9 de outubro de 2017	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20171009/AnuncioG0244-021017-0002_gl.html
RESOLUCIÓN do 5 de xaneiro de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por este organismo no terceiro cuadrimestre do ano 2017.	DOG nº 20, de 29 de xaneiro de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180129/Anuncio0150-220118-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2018, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2017	DOG Núm. 33, 15 de febreiro de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180215/Anuncio03C2-070218-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2018, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2017.	DOG Núm. 33, 15 de febreiro de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180215/Anuncio03C2-070218-0002_gl.html
RESOLUCIÓN do 26 de febreiro de	DOG Núm. 68, 9 de abril de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180409/AnuncioG0244-270318-





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no terceiro cuadrimestre do ano 2017.		0008_gl.html
ANO 2018		
RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro cuadrimestre do ano 2018.	DOG Núm. 105, 4 de xuño de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180604/AnuncioG0244-250518-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre do ano 2018.	DOG nº 107, de 6 de xuño de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180606/Anuncio0150-290518-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2018, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2018.	DOG Núm. 124, 29 de xuño de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180629/Anuncio03C2-200618-0002_gl.html
RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por este organismo no segundo cuadrimestre do ano 2018.	DOG nº 188, do 2 de outubro de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181002/Anuncio0150-240918-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia,	DOG Núm. 195, 11 de outubro de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181011/AnuncioG0244-031018-0002_gl.html



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2018.		
RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2018.	DOG Núm. 191, 5 de outubro de 2018	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181005/Anuncio03C2-270918-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2019, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2018.	DOG Núm. 16, 23 de xaneiro de 2019	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190123/Anuncio03C2-150119-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2018.	DOG Núm. 29, 11 de febreiro de 2019	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190211/AnuncioG0244-010219-0001_gl.html
ANO 2019		
RESOLUCIÓN do 9 de maio de 2019, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2019.	DOG Núm. 98, 24 de maio de 2019	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190524/Anuncio03C2-140519-0002_gl.html
RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2019, da escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2019.	DOG nº 103, 3 de xuño de 2019	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190603/Anuncio0150-220519-0001_gl.html
	DOG Núm. 107, 7 de xuño de 2019	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190607/





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



RESOLUCIÓN do 20 de maio de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2019.		AnuncioG0244-310519-0002_gl.html
RESOLUCIÓN do 4 de setembro de 2019, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2019.	DOG Núm. 174, 13 de setembro de 2019	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190913/Anuncio03C2-050919-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2019, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2019.	DOG nº 187, de 2 de outubro de 2019	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191002/Anuncio0150-200919-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2019.	DOG Núm. 198, 17 de outubro de 2019	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191017/AnuncioG0244-091019-0002_gl.html
RESOLUCIÓN do 14 de xaneiro de 2020, da Escola galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no terceiro cuadrimestre do ano 2019.	DOG nº 16, 24 de xaneiro de 2020	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200124/Anuncio0150-140120-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 15 de xaneiro de 2020, da Academia galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no terceiro	DOG Núm. 18, 28 de xaneiro de 2020	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200128/Anuncio03C2-150120-0004_gl.html





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



cuadrimestre do ano 2019.		
RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2019.	DOG Núm. 39, 27 de febreiro de 2020	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2020/20200227/ AnuncioG0244-180220- 0001_gl.html
ANO 2020		
RESOLUCIÓN do 8 de maio de 2020, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por este organismo no primeiro cuadrimestre do ano 2020	DOG nº 97, de 20 de maio de 2020	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2020/20200520/ Anuncio0150-120520-0002_gl.html
RESOLUCIÓN do 13 de maio de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2020	DOG nº 102, do 28 de maio de 2020	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2020/20200528/ Anuncio03C2-200520-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 20 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no primeiro cuadrimestre do ano 2020	DOG nº 105, do 1 de xuño de 2020	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2020/20200601/ AnuncioG0244-220520- 0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 4 de setembro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano 2020	DOG nº 186, do 14 de setembro de 2020	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2020/20200914/ Anuncio03C2-040920-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 21 de setembro de 2020, da Escola Galega de	DOG nº 196, do 28 de setembro de 2020	https://www.xunta.gal/dog/ Publicados/2020/20200928/ Anuncio0150-210920-0001_gl.html



Xacobeo 21·22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



Administración Pública, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no segundo cuadrimestre do ano 2020		
RESOLUCIÓN do 18 de setembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2020	DOG nº 202, do 6 de outubro de 2020	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201006/AnuncioG0595-250920-0002_gl.html
RESOLUCIÓN do 11 de xaneiro de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2020	DOG nº 14, do 22 de xaneiro de 2021	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210122/Anuncio03C2-110121-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 12 de xaneiro de 2021, da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2020	DOG nº 16, do 26 de xaneiro de 2021	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210126/AnuncioG0256-130121-0001_gl.html
RESOLUCIÓN do 20 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2020	DOG nº 23, do 4 de febreiro de 2021	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210204/AnuncioG0595-200121-0005_gl.html



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 23/09/2021 16:30:00

Nº Rexistro: 22603

Data envío: 23/09/2021 14:04:33.724



A información facilitada nos enlaces indicados é completa e comprensiva dos datos esenciais solicitados, non obstante comunicase que, se existe interese de xeito concreto no acceso a determinados expedientes ou documentos, esta administración os pon á enteira disposición do Parlamento e dos parlamentarios solicitantes, xa sexa mediante a súa remisión individualizada ou ben mediante o seu acceso directo, consulta e obtención de copias polos parlamentarios solicitantes nas dependencias administrativas nas que se encontran depositados, segundo nos sexa indicado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21·22

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/09/2021 14:04:29





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta escrita número: 9599, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Pablo Arangüena Fernández sobre “os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas no ano 2020 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería da Presidencia, Xustiza e Turismo ou calquera ente instrumental dependente dela ao Concello de Abegondo”, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, que ten o seguinte contido:

“En primeiro termo, cómpre ter presente que a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), respecto da que se solicita información, creouse polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

A súa estrutura está regulada no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no que se sinala que quedan adscritos á Vicepresidencia primeira a Academia Galega de Seguridade Pública, a Axencia Galega de Emerxencias e a Axencia de Turismo de Galicia.

A estrutura da anterior Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulábase no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, no que se sinalaba que quedaban adscritos á Vicepresidencia a Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública e a Axencia Galega de Emerxencias.

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



(*) Cabe sinalar que nas Axudas para a promoción da Igualdade e no Programa de Centro de Información da Muller trátase dunha solicitude realizada por Curtis e na que están agrupados Sobrado e Vilasantar."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:25:17





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:25:11
Nº Rexistro: 22434
Data envío: 22/09/2021 13:25:11,443
Data 22/09/2021 13:25

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 10768, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellería ao concello de Coirós no exercicio 2020**”, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Ano	Obxecto	Importe euros
2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	27.491,04
	Axudas para promoción da igualdade (Procedemento SI435A)	1.575
	Programa de Centro de Información da Muller SI427B	59.416,70
	Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	9.414,40
	Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	5.040

(*) Cabe sinalar que no Programa Centro de Información da Muller trátase dunha solicitude conjunta do titular do CIM, Coirós, no que tamén están agrupados Aranga, Betanzos, Oza-Cesures e Paderne.”



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:25:11
Nº Rexistro: 22434

Data envío: 22/09/2021 13:25:11.443

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:25:07





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:25:02
Nº Rexistro: 22433
Data envío: 22/09/2021 13:25:02,443
Data 22/09/2021 13:24

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10769**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Arzúa no exercicio 2020**”, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Ano	Obxecto	Importe euros
2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.750
	Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	7.083,63
	Programa de Centro de Información da Muller SI427B	22.084
	Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	3.500”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:24:59





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. Mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 10770, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellería ao concello de Sobrado dos Monxes no exercicio 2020**”, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Ano	Obxecto	Importe euros
2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.745,52
	Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	27.046,00
	Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.800
	Subvención Obradoiros Duais de Emprego	346.946
	Programa de Centro de Información da Muller SI427B	35.670,80
	Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	5.166



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

(*) Cabe sinalar que no Programa de Centro de Información da Muller trátase dunha agrupación de concellos, formada por Sobrado e Vilasantar, ademais de Curtis, titular do CIM.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:24:50





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:24:45
Nº Rexistro: 22431
Data envío: 22/09/2021 13:24:45.131
Data 22/09/2021 13:24

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10771**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Melide no exercicio 2020**”, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Ano	Obxecto	Importe euros
2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	27.491,04
	Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	7.877,44
	Programa de Centro de Información da Muller SI427B	14.000
	Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	8.240
	Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	8.000”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:24:40





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:24:35
Nº Rexistro: 22430
Data envío: 22/09/2021 13:24:35,975
Data 22/09/2021 13:24

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10772**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Santiso no exercicio 2020**”, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Ano	Obxecto	Importe euros
2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.745,52
	Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	20.618,28
	Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.800
	Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	2.016

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:24:32





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:24:27
Nº Rexistro: 22429
Data envío: 22/09/2021 13:24:27,662
Data 22/09/2021 13:24

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10773**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellería ao concello de Boimorto no exercicio 2020**”, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Ano	Obxecto	Importe euros
2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.750
	Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.000
	Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	8.288,28
	Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	8.263,05"

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:24:22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 10774, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellaría ao concello de Toques no exercicio 2020**”, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Ano	Obxecto	Importe euros
2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.241,79
	Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.000”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:24:14





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:24:08
Nº Rexistro: 22427
Data envío: 22/09/2021 13:24:08.818
Data 22/09/2021 13:24

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 10775, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre “**a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, ou de calquera ente instrumental dependente da dita consellería ao concello de Frades no exercicio 2020**”, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Ano	Obxecto	Importe euros
2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	54.999,72
	Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	9.198,37
	Axudas para promoción da igualdade: Procedemento SI435A	13.720
	Programa de Centro de Información da Muller SI427B	113.215,92
	Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	11.918,70
	Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	7.250



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/09/2021 13:24:08

Nº Rexistro: 22427

Data envío: 22/09/2021 13:24:08.818



(*) Cabe sinalar que nas axudas para a promoción da igualdade procedemento SI435A e no Programa de Centro de Información da Muller, a entidade solicitante é a Mancomunidade de Ordes, da que forman parte os concellos de: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:24:05





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22359
Data envío: 21/09/2021 21:16:35.095
Data 21/09/2021 21:16:35.095

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 10949, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a avaliación que fai o Goberno galego das medidas adoptadas ata o de agora para frear os efectos da covid-19 na economía de Galicia e, en concreto, no referido ás mulleres e á poboación xuvenil, así como sobre as que vai adoptar para minimizar o impacto do seu levantamento, especialmente co remate dos ERTE por forza maior**”, (publicada no BOPG número 101, do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 23 de abril de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urgente número de rexistro 10948 sobre a avaliación que fai o Goberno galego das medidas adoptadas ata o de agora para frear os efectos da covid-19 na economía de Galicia e, en concreto, no referido ás mulleres e á poboación xuvenil, así como sobre as que vai adoptar para minimizar o impacto do seu levantamento, especialmente co remate dos ERTE por forza maior a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Coa irrupción da covid-19 no mundo, os poderes públicos internacionais, nacionais, autonómicos e locais, víronse na obriga de deseñar e adoptar medidas para evitar a expansión do virus e das súas consecuencias, non só sanitarias senón que tamén sociais, políticas e económicas.

Neste sentido a Xunta está poñer en marcha medidas preventivas e paliativas para minimizar o impacto da pandemia nas familias galegas, nas mulleres e homes, consciente de que a reactivación pasa por un mercado laboral más atractivo e dinámico.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



Por ese motivo, entre as medidas levadas a cabo pola Xunta de Galicia destacan os tres Plans de Rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e negocios de hostalería e outras actividades pechadas polas restricións da pandemia, que mobilizaron en tempo récord 416 millóns de euros e que permitiron amortecer o impacto da covid-19.

Ademais, o Goberno galego puxo en marcha outras medidas de dinamización do mercado laboral que apoian o emprego autónomo, a economía social, a conciliación e a contratación de persoas con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral: mulleres, mozos e mozas, parados de longa duración e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:16:29





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 11089, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e dona Rosana Pérez Fernández, sobre “**as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para reverter o estado no que se atopa o dique de abrigo do peirao da Mosqueira, no concello de Moaña**”, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DO MAR**, que ten o seguinte contido:

“A sucesión de temporais do inverno foi sen dúbida un dos causantes de que o dique flotante instalado por Portos de Galicia sufrixe danos na súa estrutura.

A detección dos primeiros danos, cos primeiros temporais no principio do ano, puxo en alerta a Portos ante a circunstancia. De forma inmediata os técnicos involucrados na obra buscaron resolver a situación fabricando novas cabezas e instalando novos cables e neoprenos e procedeuse a acometer as accións necesarias para evitar problemas derivados da situación así como para garantir o abrigo que prové o dique flotante.

Os traballos en taller comenzaron de forma inmediata unha vez determinada a actuación necesaria. Os traballos in situ de reparación comenzaron o 25.02.2021 e tendo en conta que deberon adaptarse ás circunstancias climatolóxicas que permitisen traballar en condicións de seguridade e efectividade, finalizáronse a finais de marzo.

Fixéronse en dúas fases:

Fase I: reparación de 6 cabezas inicialmente danadas e preparación de material necesario en aceiro galvanizado, neoprenos e cables para a reparación dos danos posteriores.

Fase II: reparación das restantes 6 cabezas danadas.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institutionais e Parlamentarias

A día de hoxe o dique flotante atópase reparado e en servizo e se están analizando outras posibles causas concretas que levaron ao fallo estrutural (ademas das condicións extremas de temporal). Non descartamos que sexa necesaria unha actuación complementaria que será determinada á vista do resultado da análise do sinistro e as posibles causas.

A estrutura cumpliu a súa función amparando dá forte ondada á dársena do centro moañés. De feito, algúns barcos amarran mesmo pola cara exterior do porto, algo impensable ata que se logrou esta construcción”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institutionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 13:46:08





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 11667, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**cando vai acometer a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade as melloras de acondicionamento e seguridade das estradas PO-960 e PO-204 nos tramos que discorren polo concello de Vila de Cruces**”, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O firme da estrada PO-960, no treito que discorre polo concellos de Vila de Cruces, a data de hoxe, atópase nun estado aceptable de conservación, compatible coa seguridade viaria. Dispón de sinalización horizontal, con pintado de eixo e bordes, en bo estado de conservación; e sinalización vertical adaptada á tipoloxía da vía de que se trata. Todos os núcleos están limitados a 50 km/h e o estado da sinalización é o adecuado. E os núcleos de Gres, Santa Mariña (Piloño) e Carbia dispoñen de beirarrúas.

No que atinxo ao tramo da estrada PO-204 que discorre polo termo municipal de Vila de Cruces, o estado do firme é aceptable e no núcleo de Merza hai beirarrúas en ambas marxes.

Polo que respecta ao plan de sendas, o 1 de decembro de 2020 adxudicouse o contrato de servizo de consultoría para a identificación de sendas e itinerarios prioritarios na comarca do Deza, de cara ao posible desenvolvemento de sendas en novas comarcas de Galicia con financiamento europeo con fondos Next Generation ou FEDER 21/27. No marco deste contrato, en cada unha das comarcas contémplase a realización dun estudio inicial de identificación de posibles sendas, centrados en relacionar os focos de atracción de peóns e/ou ciclistas (comercial, sanitario, relixioso, deportivo, lúdico, industrial, residencial,...) cos seus puntos de xeración correspondentes (fundamentalmente residenciais), e identificando as sendas xa existentes, as planificadas, e outras onde podería ser necesario implantalas para, de seguido, realizar unha análise comparativa da





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/09/2021 16:30:00

Nº Rexistro: 22187

Data envío: 20/09/2021 15:20:10.859



oportunidade de executar cada un dos treitos de senda identificados, para xerarquizar a proposta de actuación en base a criterios obxectivos que determinen a eficiencia e eficacia das actuacións.

Entre estas posibles sendas, estase a estudar a do lugar de Arbian (Piloño), e a súa prioridade será avaliada en relación co conxunto de sendas identificadas nas estradas autonómicas da comarca do Deza, e de acordo con criterios técnicos obxectivos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21·22

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 15:19:57





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:44:52
Nº Rexistro: 22135
Data envío: 20/09/2021 12:44:52.828
Data 20/09/2021 12:44

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 11783, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as previsións do Goberno galego respecto do establecemento de axudas directas inmediatas para compensar as restricións impostas na actividade dos salóns de peiteado e de estética e barbarías**”, (publicada no BOPG número 105 do 3 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno de Galicia mantivérонse contactos cos representantes deste sector de traballadores autónomos, como con todos, porque a base das nosas políticas é o diálogo social para adoptar medidas adecuadas a cada situación concreta, que poidan ir en beneficio de todas e de todos.

Neste sentido, nos tres Plans de Rescate que puxo en marcha a Xunta de Galicia destináronse axudas directas para autónomos e empresas por un importe total de 416 millóns de euros.

De feito, en menos de seis meses e a través dos dous primeiros plans de rescate que deseñamos en consenso co diálogo social e os autónomos, que dependían directamente da Xunta de Galicia, xestionamos e pagamos máis de 180 millóns de fondos autonómicos a autónomos e pequenos empresarios, entre os que se atopan o sector dos salóns de peiteado; os que áinda de hoxe están ameazados pola suba descontrolada dos prezos da luz, que xunto co IVE, é competencia do Goberno do Estado.

Asemade, a Xunta de Galicia está sempre ao carón dos autónomos e das empresas, e mostra disto son os 587 millóns de euros en axudas directas para paliar as consecuencias da covid-



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:44:52
Nº Rexistro: 22135

Data envío: 20/09/2021 12:44:52.828

19 que puxemos a disposición en tempo récord para axudarles a manter a súa actividade económica fronte á pandemia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 21·22

Páxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:44:49





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 11935, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a seguridade viaria da estrada AC-550 ao seu paso polo concello de Noia**”, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A estrada autonómica AC-550, ao seu paso polo termo municipal de Noia, transcorre polos núcleos urbanos de Orro, Eiroa e Vilanova, así coma polo núcleo rural de Boa.

En canto á posibilidade de habilitar novos pasos de peóns reiterar o xa exposto en resposta á pregunta parlamentaria 2786, na que se indicaba que, nos últimos anos, o Concello de Noia remitiu diversas solicitudes ao respecto, ben por iniciativa propia ben por iniciativa da veciñanza. Estas solicitudes aténdense sempre e cando cumplan os requisitos fixados pola normativa aplicable, neste caso a Orde Circular 1/2008, de Sinalización Horizontal e Limitación de Velocidade en Treitos Urbanos e Pasos de Peóns, na que se establece que só poderán habilitarse pasos de peóns nos treitos urbanos que cumplan as condicións de que a velocidade de circulación na estrada non sexa superior a 50 km/h; que se cumplan as condicións de visibilidade de parada que se esixen no apartado 3.2. da Norma 3.1. IC para a velocidade de circulación na estrada; que o treito conte con beirarrúas; que sexa restrinxido o aparcamento no lateral da calzada 10 m antes do paso, en cada un dos sentidos de circulación e que o paso conte con iluminación.

Reiterar tamén que a existencia de pasos de peóns non mellora a seguridade viaria. A normativa de aplicación o que pretende é asegurar que a contorna da estrada sexa percibida polo condutor como unha zona de paso habitual de peóns. Nos supostos onde a normativa aludida non se cumpre, o que se consegue, lonxe de mellorar a seguridade viaria, é empeorala coa sinalización de pasos preferentes.





Deste xeito, nos puntos da estrada AC-550 nos que non se autorizan pasos de peóns é porque non se cumpre coa citada normativa. De feito existían pasos de peóns instalados con anterioridade á Orde Circular 1/2008 que, a medida que se van detectando, non se volven a pintar.

No que respecta especificamente aos dos puntos da AC-550 mencionados, hai que indicar que o que se atopa en Boa, AC-550, no punto quilométrico 77+290, non é treito urbano e non dispón de beirarrúas en ambas marxes. Ademais, a iluminación non é suficiente.

No que respecta ao de Orro, AC-550, no punto quilométrico 70+150, o Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña recibiu un escrito do Concello de Noia, no que remitía a solicitude dos veciños desta zona requirindo a sinalización de dous ou tres pasos de peóns. Unha vez analizadas as condicións da estrada neste treito, informóuselle ao Concello que o punto que cumpre cos requisitos da Orde Circular 1/2008 é o punto quilométrico 70+050, á altura da marquesíña. Indicóuselle tamén que, para mellorar as condicións deste paso, é necesario que dende o Concello se realizen unha serie de actuacións encamiñadas a asegurar a seguridade dos usuarios do paso. A Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Noia están en contacto para que este paso de peóns en Orro se materialice o antes posible”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:34:35





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:41
Nº Rexistro: 22424
Data envío: 22/09/2021 13:23:41.240
Data 22/09/2021 13:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 12041, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos efectos da pandemia no mercado laboral de Galicia**”, (publicada no BOPG número 109, do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 24 de marzo de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta número de rexistro 12039 sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos efectos da pandemia no mercado laboral de Galicia a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, no Pleno do Parlamento galego, que se pode consultar na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2YyMzZTAtNjczNy00ODUxLWJmMTktZGE2OTBhMjZkMzQ4&start=4373)

[id=N2YyMzZTAtNjczNy00ODUxLWJmMTktZGE2OTBhMjZkMzQ4&start=4373](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2YyMzZTAtNjczNy00ODUxLWJmMTktZGE2OTBhMjZkMzQ4&start=4373)

Non obstante, sinálase que a Xunta está a adoptar medidas preventivas e paliativas para minimizar o impacto da pandemia nas familias galegas, nas mulleres e homes, consciente de que a reactivación pasa por un mercado laboral más atractivo e dinámico.

Por ese motivo, entre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia destacan os tres Plans de Rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e negocios de hostalería e outras actividades pechadas polas restricións da pandemia, que mobilizaron en tempo récord 416 millóns de euros e que permitiron amortecer o impacto da covid-19.

Ademais, o Goberno galego puxo en marcha outras medidas de dinamización do mercado laboral que apoian o emprego autónomo, a economía social, a conciliación e a contratación de persoas con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



En conclusión, a pesares de que os efectos da covid-19 repercuten directamente no mercado de traballo, Galicia pechou 2020 con máis emprego indefinido e cunha evolución xeral positiva respecto a media nacional en praticamente todos os indicadores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:23:37





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 12314, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a elaboración e aprobación do primeiro plan de igualdade da Xunta de Galicia**”, (publicada no BOPG número 113, do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 24 de marzo de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta pregunta número de rexistro 6907 sobre a elaboración e aprobación do primeiro plan de igualdade da Xunta de Galicia a proposta do Grupo dos Socialistas de Galicia, no Pleno do Parlamento galego, e tan só un día despois, o 25 de marzo de 2021, respondía a pregunta urxente número de rexistro 12313 sobre a elaboración e aprobación do primeiro plan de igualdade da Xunta de Galicia a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

Un dos compromisos da Xunta de Galicia é o fortalecemento de accións en prol da igualdade de xénero e de oportunidades en todos os ámbitos, tamén no seu ente de xestión, a Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Neste sentido, o I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia, e outras medidas que estamos a desenvolver para estimular a igualdade na dimensión interna da administración, está sendo traballado no marco do diálogo con todas as organización sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos (CIG, CCOO, UGT e CSIF) coa finalidade de acadar o establecemento dunhas medidas eficientes e eficaces que atendan as necesidades reais da nosa administración.

Con todo, cabe subliñar que o camiño a seguir para elaborar o Plan viuse alterado por mor dos cambios acontecidos nas condicións e exixencias de análise diagnóstica e de elaboración



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



dos datos, trala aprobación de dous Reais Decretos estatais, o Real Decreto 901/2020 polo que se regulan os plans de igualdade e o Real Decreto 902/2020 de igualdade retributiva entre homes e mulleres.

Non obstante, este plan afianzará ainda máis o compromiso que o Goberno galego xa ten coa igualdade de oportunidades, como mostra a lexislación autonómica, que no seu artigo 48 do decreto lexislativo 2/2015 en materia de igualdade prevé actuacións especiais no caso de infrarepresentación feminina nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría, entre outras medidas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:15:40





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:44:44
Nº Rexistro: 22134
Data envío: 20/09/2021 12:44:44.078
Data 20/09/2021 12:44

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 12342, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a xestión da Consellería de Emprego e Igualdade en relación cos programas integrados de emprego (PIE)**”, (publicada no BOPG número 113, do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Débese sinalar que constitúen dúas entidades diferentes xa que no caso do Concello de Salceda de Caselas trátase dunha entidade local e no caso da Fundación trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e áinda que solicitaron unha subvención ao abeiro da mesma Orde de convocatoria de axudas non concorren ao crédito da mesma aplicación orzamentaria.

O artigo 4 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2020 establece que poderán ser beneficiarias desas subvencións:

- a) Os concellos, mancomunidade de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello
- b) As entidades con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro

Establecéndose para cada unha delas un crédito orzamentario diferenciado e polo tanto as solicitudes presentadas compiten de forma separada e independente polo crédito convocado. Dado que se trata dunha convocatoria sometida ao procedemento de concorrencia competitiva (procedemento no que se comparan as solicitudes presentadas en aplicación duns criterios de valoración previamente fixados na convocatoria e se establece unha puntuación das solicitudes en función da puntuación total acadada) a puntuación que acade cada entidade en aplicación do baremo establecido en relación co resto de solicitantes e a



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/09/2021 12:44:44

Nº Rexistro: 22134

Data envío: 20/09/2021 12:44:44.078



limitación orzamentaria de cada unha das aplicacións é o que determina que unha entidade resulte beneficiaria ou non.

Por outra banda sinálase que os créditos das convocatorias de subvencións para programas integrados de emprego de Galicia están financiados con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal. No ano 2020 produciuse unha importante redución dos fondos finalistas para a formación procedentes do Estado que foi acompañada dunha gran incerteza sobre a percepción real dos mesmos non existindo confirmación da percepción deses fondos ata o 30 de setembro de 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:44:40





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 12396, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas peaxes da autoestrada autonómica AG-55, A Coruña-Arteixo**”, (publicada no BOPG número 113 do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A autoestrada A Coruña - Arteixo é unha das más baratas de España, na que este ano, ademais, o Goberno galego rebaixou ou conxelou as súas tarifas.

Desde o ano 2010, a Xunta bonifica as viaxes dos usuarios habituais. Así, os días hábiles aplícase un 25% de desconto ao importe da viaxe de volta realizada no mesmo día que a ida, e o 50% da segunda viaxe de volta e posteriores sempre que se fagan tamén no mesmo día. Estes descontos son aplicables tanto a vehículos lixeiros como a pesados que empreguen a telepeaxe como medio de pago.

Ademais, desde outubro do ano 2019, aplícanse descontos do 50% ás viaxes realizadas en horario nocturno, entre as 0:00 e as 6:00 horas de mañá, aplicándose a todos os vehículos que dispoñan de telepeaxe.

En ambos os casos o importe desas bonificacións descóntaselle ao cidadán e asúmese a Xunta, repercutindo o aforro directamente nos usuarios da AG-55.

Desde o pasado 11 de agosto, ademais, o Goberno galego empezou a aplicar unha nova rebaixa dirixida especificamente ás familias numerosas, que supón unha bonificación do cen por cen na viaxe de volta.

Tamén desde o pasado 11 de agosto está en vigor a medida que estende ás 24 horas posteriores á viaxe de ida o desconto do 25% na volta, e do 50% na segunda volta, aos usuarios recorrentes, que ata agora se aplicaba só ás viaxes realizadas no mesmo día.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/09/2021 12:44:35

Nº Rexistro: 22133

Data envío: 20/09/2021 12:44:35.765



Polo tanto, as autoestradas dependentes da Xunta de Galicia, a AG-57 e a AG-55, seguen a ser das más baratas de España, más baratas incluso que a AP-9 tras a aplicación das bonificacións comprometidas polo Goberno central en outubro de 2020 e materializadas áinda o pasado 29 de xullo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21·22

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:44:28





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 22593
Data envío: 23/09/2021 14:03:08,506
Data 23/09/2021 14:03

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 12488, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre “os datos referidos aos convenios, ás subvencións ou axudas de calquera tipo outorgados no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade aos concellos de Verín, Vilardevós, Riós, Castrelo do Val, A Mezquita, A Gudiña, Oímbra, Laza e Cualedro”, (publicada no BOPG número 114, do 22 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Emprego e Igualdade, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Concello	Ano	Obxecto	Importe euros
Verín	2020	Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	9.676,51
		Axudas para promoción da igualdade (Procedemento SI435A)	10.640
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	56.000
		Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	12.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	10.000
Vilardevós	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.745,52
		Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	20.154,42
		Axudas para promoción da igualdade (Procedemento SI435A)	10.640
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	56.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	10.000
Riós	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	53.745,12



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	6.460,12
		Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	4.000
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	67.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	5.150
Castrelo do Val	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	54.982,08
		Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	20.386,35
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	7.979,83
		Axudas para promoción da igualdade (Procedemento SI435A)	10.640
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	56.000
		Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	6.300
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	10.000
A Mezquita	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.745,52
		Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.800,00
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	6.483,26
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	67.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	5.150
A Gudiña	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	53.974,62
		Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.800
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	67.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	5.150
Oímbra	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	54.982,08
		Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	50.386,05
		Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de	5.971,68




XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 XUSTIZA E TURISMO
 Dirección Xeral de Relacións
 Institucionais e Parlamentarias

		interese xeral	
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	8.499,14
		Axudas para promoción da igualdade (Procedemento SI435A)	10.640
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	56.000
		Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	7.271,53
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	10.000
Laza	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	27.491,04
		Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	20.154,42
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	6.094,58
		Subvención Obradoiros Duais de Emprego	277.556,80
		Axudas para promoción da igualdade (Procedemento SI435A)	4.032
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	56.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	6.000
		Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	54.982,08
Cualedro	2020	Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	20.618,28
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	8.751,99
		Axudas para promoción da igualdade (Procedemento SI435A)	10.640
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	56.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	10.000

(*) Cabe sinalar que Verín, nas axudas para a promoción da igualdade e o programa de sensibilización, ademais do Programa de Centro de información da Muller, recibiunas por unha solicitude conjunta da Mancomunidade de Verín, da que forman parte Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós.

(*) Cabe sinalar que Vilardevós, nas axudas para a promoción da igualdade e o programa de sensibilización, ademais do Programa de Centro de información da Muller, recibiunas por unha solicitude conjunta da Mancomunidade de Verín, da que forman parte Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

(*) Cabe sinalar que Riós, nas axudas para o programa de sensibilización, ademais do Programa de Centro de información da Muller, recibiunas por unha solicitude conxunta da Mancomunidade Conso-Frieiras, da que forman parte Riós, A Gudiña e A Mezquita (que non forma parte da Mancomunidade pero asinou un convenio de colaboración).

(*) Cabe sinalar que Castrelo do Val, nas axudas para a promoción da igualdade e o programa de sensibilización, ademais do Programa de Centro de información da Muller, recibiunas por unha solicitude conxunta da Mancomunidade de Verín, da que forman parte Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós.

(*) Cabe sinalar que A Mezquita, nas axudas para o programa de sensibilización, ademais do Programa de Centro de información da Muller, recibiunas por unha solicitude conxunta da Mancomunidade Conso-Frieiras, da que forman parte Riós, A Gudiña e A Mezquita (que non forma parte da Mancomunidade pero asinou un convenio de colaboración).

(*) Cabe sinalar que A Gudiña, nas axudas para o programa de sensibilización, ademais do Programa de Centro de información da Muller, recibiunas por unha solicitude conxunta da Mancomunidade Conso-Frieiras, da que forman parte Riós, A Gudiña e A Mezquita (que non forma parte da Mancomunidade pero asinou un convenio de colaboración).

(*) Cabe sinalar que Oímbra, nas axudas para a promoción da igualdade e o programa de sensibilización, ademais do Programa de Centro de información da Muller, recibiunas por unha solicitude conxunta da Mancomunidade de Verín, da que forman parte Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós.

(*) Cabe sinalar que Laza, no Programa de Centro de información da Muller, recibiu por unha solicitude conxunta da Mancomunidade de Verín, da que forman parte Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós.

(*) Cabe sinalar que Cualedro, nas axudas para a promoción da igualdade e o programa de sensibilización, ademais do Programa de Centro de información da Muller, recibiunas por unha solicitude conxunta da Mancomunidade de Verín, da que forman parte Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/09/2021 14:03:04





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 12559**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre “os datos referidos aos convenios, ás subvencións ou axudas de calquera tipo outorgados no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade aos concellos de Castro Caldelas, Parada de Sil, A Pobra de Trives, Manzaneda, Montederramo, Chandrexa de Queixa, A Teixeira e San Xoán de Río”, (publicada no BOPG número 114, do 22 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Emprego e Igualdade, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte:

Concello	Ano	Obxecto	Importe euros
Castro Caldelas	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.436,28
		Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	20.154,42
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	20.255,85
		Subvención Obradoiros Duais de Emprego	346.946
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	7.900,00
Parada de Sil	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	53.745,12
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	8.000,00
A Pobra de Trives	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.750
		Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	10.960,29
		Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.000
		Axudas para promoción da igualdade: Procedemento SI435A	4.788


XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 XUSTIZA E TURISMO
 Dirección Xeral de Relacións
 Institucionais e Parlamentarias

		Programa de Centro de Información da Muller: SI427B	54.732,30
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	8.000
Manzaneda	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.745,52
		Subvencíons para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.800,00
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	54.732,30
Montederramo	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	54.982,08
		Subvencíons para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	8.648,57
Chandrexa de Queixa	2020	Subvencíons para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	13.745,52
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	7.900
A Teixeira	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	27.491,04
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	8.000
San Xoán de Río	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	55.000
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	54.732,30

(*) Cabe sinalar que no Programa de Centro de Información da Muller do concello de Manzaneda o titular do CIM é o concello da Pobra de Trives, e os agrupados son San Xoán de Río e Manzaneda.

(*) Cabe sinalar que no Programa de Centro de Información da Muller do concello de San Xoán de Río o titular do CIM é o concello da Pobra de Trives, e os agrupados son San Xoán de Río e Manzaneda.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
 (ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/09/2021 14:02:54





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 XUSTIZA E TURISMO
 Dirección Xeral de Relacións
 Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 12580, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre “os datos referidos aos convenios, ás subvencións ou axudas de calquera tipo outorgados no ano 2020 pola Consellería de Emprego e Igualdade aos concellos de Xinzo de Limia, Sandiás, Trasmiras, Porqueira, Sarreaus, Os Blancos, Baltar e Vilar de Barrio”, (publicada no BOPG número 114, do 22 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Emprego e Igualdade, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Emprego e Igualdade cabe sinalar o seguinte

Concello	Ano	Obxecto	Importe euros
Xinzo de Limia	2020	Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	100.772,10
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	14.365,39
		Programa de Centro de Información da Muller SI427B	45.000
		Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	12.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	8.000
Sandiás	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	27.491,04
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	5.875,79
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	7.260
Trasmiras	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	27.491,04
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	6.469,39
Porqueira	2020	Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión	10.077,21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

		social perceptoras RISGA	
		Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	27.491,04
		Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.799,88
		Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	4.991,86
		Subvención Obradoiros Duais de Emprego	346.946
		Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	8.908,07
Sarreaus	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	54.982,08
Os Blancos	2020	Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	6.446,26
		Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	27.491,04
Baltar	2020	Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	13.745,52
		Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.000
Vilar de Barrio	2020	Subvencións para entidades locais que contraten axentes de emprego e desenvolvemento local	8.682,96
		Subvención contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras RISGA	26.307
		Subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL)	54.982,08
		Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral	3.400
		Axudas a entidades locais: Liña de medidas de conciliación SI435B	12.000
		Axudas a entidades locais: Programa de sensibilización SI435C	8.000

(*) Cabe sinalar que nos Obradoiros Duais de 2019, Sandiás foi beneficiario dunha axuda solicitada por Sarreaus para agrupación de concellos Vilar de Barrio, Trasmiras e Sandiás.

(*) Cabe sinalar que nos Obradoiros Duais de 2019, Trasmiras foi beneficiario dunha axuda solicitada por Sarreaus para agrupación de concellos Vilar de Barrio, Trasmiras e Sandiás.

(*) Cabe sinalar que nos Obradoiros Duais de 2019, Porqueira foi beneficiario dunha axuda solicitada por el mesmo que tamén beneficiou a agrupación Rairiz de Veiga, Calvos de Randín e Os Blancos.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2021 16:30:00

Nº Rexistro: 22591

Data envío: 23/09/2021 14:02:50.021

(*) Cabe sinalar que nos Obradoiros Duais de 2019, Os Blancos foi beneficiario dunha axuda solicitada por Porqueira que tamén beneficiou a agrupación Rairiz de Veiga, Calvos de Randín, Os Blancos e Porqueira.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/09/2021 14:02:43



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e contía de cada unha delas e especificadas durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, outorgadas pola **Consellería de Sanidade** no concello do **Carballiño**?

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 18/03/2021 11:20:25



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 13420, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración que fai a Xunta de Galicia da política de persoal que vén aplicando o ente público Portos de Galicia en relación co persoal celador gardapeirao e as súas intencións respecto do desenvolvemento dun proceso para a súa funcionarización**”, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Portos de Galicia ten redactado o documento da relación de postos de traballo que foi consultado cos representantes dos traballadores e traballadoras co obxectivo de que haxa consenso sobre o mesmo e estea en vigor o antes posible.

O documento da RPT ten como obxectivo asegurar a correcta prestación de servizos e operacións portuarias e o debido uso das instalacións mediante a fixación das normas xerais de funcionamento dos servizos portuarios tanto de xestión directa como indirecta. Así mesmo, nel estableceranse as normas de vixilancia e control dos servizos, o cumprimento das condicións fixadas para a ocupación de dominio público, o uso de instalacións e o exercicio de actividades comerciais ou industriais.

Portos de Galicia é consciente da necesidade de reforzar o cadre de profesionais que atenden as instalacións e da cobertura de prazas de gardapeirao, cuestión que se reforzará coa dotación de persoal en postos como as de xefe de gardapeirao ou responsables técnicos das zonas territoriais ou a consecución de complementos específicos que permitan compensar a atención de incidencias portuarias por parte do persoal do ente público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 13:45:51





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 13445, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración que fai a Xunta de Galicia da política de persoal que está a levar a cabo Portos de Galicia e as súas previsións respecto do remate da elaboración da RTP do ente público**”, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DO MAR**, que ten o seguinte contido:

“Desde o ano 2019 a tendencia da evolución do persoal do Ente Público Portos de Galicia é ascendente cubrindo gran parte das prazas, concretamente 119 traballadores e traballadoras en 2020. Portos de Galicia ten redactado o documento da relación de postos de traballo, cuxo texto íntegro foi entregado aos traballadores o pasado 28 de abril de 2021 polo que é coñecido por todo o persoal e foi consultado cos representantes dos traballadores co obxectivo de que haxa consenso sobre o mesmo e estea en vigor o antes posible, unha vez consensuado co Comité de empresa e previa aprobación da masa salarial. Así, as novas incorporacións previstas na RPT son de 12 postos de traballo correspondentes a: Xefe de división de persoal; Xefe de división de operativa portuaria; 3 xefes de unidade técnica destinados ás zonas; 3 xefes de gardapeiraos; 2 administrativos e 2 gardapeiraos. Desde Portos de Galicia seguirán traballando para que a RPT se aprobe e salga adiante canto antes para avanzar na mellora das condicións e prestacións laborais do persoal deste ente público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/09/2021 13:48:42





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22352
Data envío: 21/09/2021 21:15:13.001
Data 21/09/2021 21:15

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 13507, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á introdución de cláusulas de igualdade na contratación pública galega**”, (publicada no BOPG número 122, do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de Diálogo Social en Galicia aborda distintas cuestións relevantes en prol do desenvolvemento social e económico de Galicia, incluíndo a consecución dunha contratación pública responsable. En decembro de 2019 a Xunta de Galicia e os interlocutores sociais más representativos participantes no proceso asinaron, entre outros, catorce acordos entre os que se incluía o ‘Acordo relativo á contratación pública socialmente responsable no sector público galego’. O obxectivo é fomentar unha contratación pública socialmente responsable no sector público galego a través da promoción de cláusulas sociais que xeren condicións laborais de igualdade entre mulleres e homes que promovan un emprego estable e de calidade nas empresas que executan contratos públicos.

Para facer efectivo este acordo constituíuse a mesa segunda de seguimento das cláusulas sociais na contratación pública en Galicia. Esta mesa, de carácter tripartito, integrada polos membros do diálogo social, ten a seguinte composición:

- Catro persoas en representación da Xunta de Galicia.
- Dúas persoas en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).
- Unha persoa en representación de UGT Galicia.
- Unha persoa en representación do SN de CCOO de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

A coordinación técnica da mesa exercea a persoa representante da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia e as funcións deste mecanismo, entre outras, son as seguintes:

- Avaliar periodicamente o funcionamento de cláusulas sociais nos contratos públicos do sector público en Galicia, especialmente no eido da administración autonómica e local.
- Analizar a evolución da xurisprudencia respecto das cláusulas sociais, incluíndo os pronunciamentos dos tribunais administrativos e do poder xudicial ao respecto.
- Coñecer os problemas prácticos e as vantaxes das diferentes cláusulas que se vaian incorporando e que sexan detectadas ben polos órganos de contratación, ben polas empresas ou polos representantes das persoas traballadoras.
- Poñer en coñecemento da Administración de deficiencias observadas polos axentes sociais nos procesos de contratación.
- Realizar unha análise orzamentaria sectorial dos pregos que permita valorar ou detectar cuestións que poidan ser obxecto de mellora ou dalgunha acción por parte dos interlocutores sociais ou da propia Administración.
- Propoñer actuacións e medidas de difusión e sensibilización para a favorecer a introdución de cláusulas sociais en todos os niveis da administración pública en Galicia.
- Rexistrar a actividade contractual autonómica no referente á contratación pública socialmente responsable, elaborando un informe con datos sobre a efectiva introdución das cláusulas nos distintos procedementos.
- Supervisar a elaboración dun informe sobre a contratación pública responsable en Galicia, avaliando o seu avance e grado de implementación.

Nas distintas xuntanzas que se levaron a cabo, os interlocutores sociais realizaron observacións sobre os procesos de contratación e avaliáronse os problemas prácticos e as vantaxes das diferentes cláusulas sociais (incluíndo cláusulas en materia de igualdade) que se podan incorporar nos pregos. Ademais, traballouse de xeito conxunto para elaborar unha actualización da ‘Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego’.

Esta actualización da guía, consensuada con todos os membros da mesa, constituirá un documento de apoio eminentemente práctico dirixido ao persoal técnico da administración



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

pública de Galicia que participe nos procedementos de contratación, especialmente na redacción de pregos. A guía vai facilitar aos órganos técnicos do sector público galego a introdución de cláusulas sociais, dándolle tanto orientación (que cláusulas son as más axeitadas para cada licitación e como deben introducirse no procedemento) como seguridade xurídica, e fomentará unha contratación pública socialmente responsable nas distintas fases da contratación cun enfoque práctico e directo e que sirva, ao mesmo tempo, para seguir demostrando o compromiso da Administración Pública Autonómica coa igualdade de xénero, a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e da corresponsabilidade, as políticas laborais, a inclusión social, os dereitos das persoas con discapacidade, a accesibilidade universal e o crecemento sostible.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:15:05





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22348
Data envío: 21/09/2021 21:14:30.204
Data 21/09/2021 21:14

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 13640**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a xestión do Goberno galego en relación co impacto das medidas adoptadas fronte á covid-19 nas pemes e autónomas do concello de Ourense**”, (publicada no BOPG número 121, do 7 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles más intensos en determinados sectores como é do traballo autónomo.

Por ese motivo, o Goberno galego, tivo que adoptar medidas que salvagardasen a actividade económica ao tempo que garantisen a seguridade e saúde públicas. Neste sentido, algúns territorios da Comunidade tiveron que fazer fronte a peches perimentrais e limitacións na actividade de sectores coma a hostalaría, como foi o caso concreto da cidade de Ourense.

Consciente desta situación, a Xunta estivo e está ao carón dos sectores económicos más afectados pola pandemia tal e como demostra a posta a disposición dos mesmos de 587 millóns de euros, en tempo récord, a través de tres plans de rescate e outras axudas directas.

En conxunto os tres plans de rescate impulsados pola Consellería de Emprego e Igualdade, mobilizaron máis de 416 millóns de euros baixo diferentes programas de axuda que contemplan a toda a comunidade autónoma de Galicia, e que atenden de xeito especial a determinados profesionais e negocios que viron afectada a súa actividade polo peche conforme á normativa ditada polas autoridades sanitarias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:14:23





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 13977**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a situación da factoría de Repsol na Coruña e as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a aplicación do ERTE anunciado pola empresa**”, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“O 4 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta número de rexistro 14071 sobre a opinión do Goberno galego respecto do ERTE anunciado por Repsol no complexo industrial da Coruña e as actuacións que vai levar a cabo para evitalo a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A Xunta ten claro que o principal obxectivo debe ser o mantemento do emprego, polo que a mellor maneira de que Repsol amose ese compromiso con Galicia é que execute os investimentos necesarios para garantir a transición enerxética na refinería da Coruña e que avance nas obras do poliduto que conecta co porto exterior de Langosteira.

Fronte a errática transición enerxética estatal, que carece de planificación e está a xerar inestabilidade e inseguridade no noso tecido empresarial, a Xunta seguirá mostrando o seu compromiso e apoio ao tecido industrial e, sobre todo, seguirá en contacto permanente cos traballadores e traballadoras para velar pola defensa dos seus empregos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:44:19





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:44:14
Nº Rexistro: 22131
Data envío: 20/09/2021 12:44:14.812
Data 20/09/2021 12:44

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 13984, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a situación de Gabadi, na comarca de Ferrol, e as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os abusos das empresas durante a negociación dos expedientes de regulación de emprego**”, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“A normativa reguladora dos expedientes de regulación de emprego establece a posibilidade das partes de solicitar a actuación mediadora da Autoridade Laboral en calquera momento da negociación durante o período de consultas (artigo 10 RD 1483/2012), non recibindo a Dirección Xeral de Relacións Laborais nin a Xefatura Territorial ningunha petición de mediación neste ERE. Ademais, no informe emitido pola Inspección de Traballo non se informou sobre actuacións de mala fe pola empresa, as cales en todo caso serían obxecto de denuncia tamén ante a xurisdición social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 21·22

Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
20/09/2021 12:44:11

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:44:11





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 14073**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a opinión do Goberno galego respecto do ERTE anunciado por Repsol no complexo industrial da Coruña e actuacións que vai levar a cabo para evitalo**”, (publicada no BOPG número 127 do 22 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 4 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta número de rexistro 14071 sobre a opinión do Goberno galego respecto do ERTE anunciado por Repsol no complexo industrial da Coruña e as actuacións que vai levar a cabo para evitalo a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia na Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

A Xunta ten claro que o principal obxectivo debe ser o mantemento do emprego, polo que a mellor maneira de que Repsol amose ese compromiso con Galicia é que execute os investimentos necesarios para garantir a transición enerxética na refinería da Coruña e que avance nas obras do poliduto que conecta co porto exterior de Langosteira.

Fronte a errática transición enerxética estatal, que carece de planificación e está a xerar inestabilidade e inseguridade no noso tecido empresarial, a Xunta seguirá mostrando o seu compromiso e apoio ao tecido industrial e, sobre todo, seguirá en contacto permanente cos traballadores e traballadoras para velar pola defensa dos seus empregos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:44:02





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:43:57
Nº Rexistro: 22129
Data envío: 20/09/2021 12:43:57,422
Data 20/09/2021 12:43

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 14207, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begón Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a opinión do Goberno galego referida á baixa execución que presentan cada ano as partidas orzamentarias destinadas a favorecer o emprego, así como as súas previsións respecto da elaboración dun plan de emprego para Galicia coa participación de todos os actores implicados**”, (publicada no BOPG número 127, do 22 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A execución media desde 2009 ata 2020 é do 86,25%, a que, xa no 2018, foi recoñecida como unha das razóns polas que Galicia se sitúa na 3ª posición na avaliación do Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) que leva a cabo o Ministerio de Traballo.

Ademais, cabe sinalar que os programas de emprego, como aconteceu cos plans de rescate, asemade con todas e cada unha das accións desenvolvidas desde a Xunta de Galicia neste eido, son tratadas no marco do Diálogo social, como na Mesa do Emprego Autónomo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 21·22

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:43:50





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:33
Nº Rexistro: 22423
Data envío: 22/09/2021 13:23:33.459
Data 22/09/2021 13:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 14254, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Isaura Abelairas Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa discriminación pola orientación sexual e identidade de xénero, así como sobre a normalización e visibilidade do colectivo LGTBI**”, (publicada no BOPG número 127, do 22 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Pleno do Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, vén de celebrar unha sesión o día 6 de xullo de 2021, no que se aprobou o regulamento de funcionamento do mesmo.

Este órgano colexiado, con carácter consultivo e de participación social, está integrado pola Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UXT, CCOO, CDIF e CIG e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Ademais é un órgano aberto á participación de todas as entidades que traballan na Comunidade na defensa do colectivo LGTBI, e conta actualmente ca participación e de pleno dereito de Nós Mesmas, Casco A Coruña, A.L.A.S. A Coruña, LesCoruña, Avante LGTB, Chrysallis Galicia, Pvlse de Vigo e a Rede educativa de apoio LGTBI+ de Galicia.

Así mesmo cabe recordar que as entidades que integran o Observatorio referendaron un comunicado no que condenan calquera acción ou delito de odio contra as persoas LGTBI. ‘*Defendemos o compromiso de todas as administracións no deseño de políticas decididas; de todos os axentes implicados para perseguir coa lei na man estes comportamentos inconcibibles; e do conxunto da sociedade galega, que ten un papel fundamental para valorizar a diversidade afectiva, sexual e de xénero’.*



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 22/09/2021 13:23:33

Nº Rexistro: 22423

Data envío: 22/09/2021 13:23:33.459



A declaración do Observatorio galego pretende ser unha mostra de compromiso real de toda a Comunidade na defensa dos dereitos dos colectivos LGTBI, ao amosar o desexo de traballar por unha Galicia inclusiva, igualitaria, respectuosa, xusta e democrática para ‘*abrazar unha verdadeira cultura da diversidade fronte aos discursos do odio e dos prexuízos*’.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:23:29





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 14281, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “o impacto do trazado previsto para o subtreito de ampliación da autovía AG-59 entre A Ramallosa, no concello de Teo, e O Rollo, no concello da Estrada, así como as previsións do Goberno galego respecto da súa modificación”, (publicada no BOPG número 127 do 22 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**, que ten o seguinte contido:

“En 2008 iniciouse o expediente do estudo informativo e de impacto ambiental da autovía AG-59, treito A Ramallosa-A Estrada, que se aprobou o 26 de outubro de 2010 unha vez obtida a declaración de impacto ambiental. O 20 de marzo de 2012 publicouse a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de trazado que, para facilitar a súa execución, dividiuse en tres subtreitos: A Ramallosa - enlace AC-241; enlace AC-241 - enlace PO-841 e enlace AC-841 - A Estrada.

Posteriormente, debido á necesidade de adaptar os proxectos de construcción aos informes emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, á normativa vixente e a caducidade da declaración de impacto ambiental, viuse a necesidade de redactar uns novos proxectos, englobados na actualización do proxecto de construcción: autovía AG-59, treito A Ramallosa-enlace PO-841. Esta actuación dividirase en dous treitos: A Ramallosa - enlace AC-241 e enlace AC-241 - enlace PO-841.

A continuación ata A Estrada da autovía AG-59 busca optimizar un trazado que xa se aprobou definitivamente no 2010, previa formulación da correspondente Declaración de Impacto Ambiental. Un trazado que figura no Plan Básico Autonómico, que ningúen recorreu e que foi elixido como o máis axeitado entre as distintas solucións viables, tras unha análise rigorosa e multicriterio dos aspectos técnicos, xeolóxicos, de custo económico, de articulación territorial e calidade de trazado. Con estas premisas, a solución adoptada busca, por unha banda, actualizar





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

a Declaración de Impacto Ambiental e, por outra banda, mellorar e optimizar o trazado aprobado e, deste xeito, evitar a afección directa á Rede Natura, aumentando a distancia entre pilas para non cimentar no río”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/09/2021 14:01:44





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:43:45
Nº Rexistro: 22128
Data envío: 20/09/2021 12:43:45.687
Data 20/09/2021 12:43

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 14297, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a valoración que fai o Goberno galego dos datos referidos ao emprego xuvenil reflectidos no Informe de concxuntura de marzo de 2021 do Foro Económico de Galicia, e as medidas que vai implementar para frear a dependencia dos sectores da hostalería e do turismo no mercado de traballo xuvenil**”, (publicada no BOPG número 127, do 22 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Como xa reiteramos en diversas ocasións desde a Xunta de Galicia e, en particular, desde a Consellería de Emprego e Igualdade, a pandemia da covid-19 golpeou de maneira más dura a uns grupos sociais que a outros e a nosa responsabilidade é que ningúén quede atrás no avance social e na consolidación da nosa economía.

Un deles é o colectivo da mocidade, que segue a ser un dos prioritarios para este Goberno e, polo tanto, desde todos os departamentos da Xunta de Galicia se actúa para garantir o seu benestar.

A nosa referencia son os datos do paro rexistrado que, no mes de xullo de 2021, para os menores de 30 anos en Galicia reflexan o seguinte:

- Con relación ao mes de xuño de 2021: o paro volve baixar en xullo, en 1.241 persoas, por oitavo mes consecutivo (un 6,90 por cento menos), e a afiliación deste colectivo aumenta en 10.295 traballadores (+9,32 por cento).
- Con relación ao mesmo mes de 2020: no último ano o paro retrocedeu en 7.062 persoas (un 26,97 por cento menos) despois de subir o ano pasado, polo que esta



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



baixada retoma a tendencia positiva dos anteriores anos neste mes. E ademais a afiliación rexistra unha subida de 10.281 traballadores e traballadoras (+9,30 por cento) e a contratación tamén presenta un incremento notable, con 7.978 contratos máis (un 27,17 por cento)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:43:42





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 22344
Data envío: 21/09/2021 21:13:50.985
Data 21/09/2021 21:13

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 14372, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto da implementación da convocatoria para o ano 2021 das axudas e subvencións destinadas aos concellos e orientadas ao fomento do emprego e mellora da empregabilidade, así como á contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social**”, (publicada no BOPG número 131, do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 7 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral número de rexistro 14371 sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da implementación da convocatoria para o ano 2021 das axudas e subvencións destinadas aos concellos e orientadas ao fomento do emprego e á mellora da empregabilidade, así como á contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos. Dita resposta pódese consultar na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/tarmites/csv?id=MjcyY2IwZTktMTJkOC00ZDIyLWI4ZWMtOTFjYjQxYzQxODZl&start=2362>

Destacándose o seguinte, o 20 de abril publicáronse a orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, co obxectivo de proporcionarlle as persoas traballadoras desempregadas a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral por un importe de 1.500.000 euros, e a orde pola que se regula a subvención para o fomento do emprego no medio rural, cun importe de 7.000.000 euros.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ademais, o 27 de abril de 2021 publicouse a orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021, por un importe de global próximo aos 7.700.000 euros.

È dicir, desde a Xunta de Galicia estamos a implementar a través do desenvolvemento destas tres ordes, un investimento de 16.200.000 euros millóns de euros para a contratación de 1.800 desempregados en 300 concellos de Galicia en 2021.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2021 21:13:45





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 14384, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a reflexión e a xestión da Xunta de Galicia en relación coa difusión en páxinas web pornográficas das imaxes das mulleres gravadas en San Cibrao durante a Maruxaina 2019**”, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 7 de abril de 2021, celebrouse unha sesión Plenaria do Consello Galego das Mulleres, onde se presentou a solicitude feita pola asociación de ‘Mulleres en Igualdade de Burela (Bumei)’, en contra do ditame do xulgado de Viveiro referido ás gravacións feitas e difundidas logo da festa da Maruxaina en 2019 e en apoio ás afectadas por este feito.

Por parte da Presidencia do pleno do Consello Galego das Mulleres proponse que se acorde unha nota de rexitamento destas situacións e de apoio ás afectadas pola gravación da Maruxaina, sen prexuízo do respecto as decisións xudiciais; sendo unánime a declaración adoptada polas persoas membro do Consello.

Asemade, o día 16 de abril de 2021, convócase un Pleno da Comisión de Publicidade Sexista de Galicia, dependente do Observatorio Autonómico contra a Violencia de Xénero, onde se trata sobre os feitos acontecidos na romaría da Maruxaina no Concello de Cervo.

En primeiro lugar, destacar a importancia de dar conta de dous casos que, se ben non teñen por obxecto directamente a publicidade sexista, si que afectan ao tratamento da igualdade por razón de xénero nos medios audiovisuais e, neste contexto, expouse a necesidade e conveniencia de modificar o *Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamiento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación*, para acoller a análise de novas formas agresións, sobre todo as que se producen a través da internet e outros feitos que van



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

máis alá da publicidade sexista ampliando tanto as funcións como a propia denominación da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista.

Polo que de acordo con todos os membros trátase a problemática en torno ás gravacóns efectuadas durante a romaría da Maruxaina en agosto de 2019 e publicadas en páxinas web de contido pornográfico. Despois de que tanto as persoas directamente afectadas como asociacións de mulleres presentaran demanda xudicial polos feitos descritos, o xuíz instrutor decidiu arquivar o caso, ao entender que non existían indicios de delito porque as imaxes foron captadas na vía pública.

Como se dixo con anterioridade, a Asociación de Mulleres de Burela (Bumei), que forma parte do Consello Galego das Mulleres, levou este asunto ao pleno do consello que se celebrou o pasado 7 de abril, no cal se trasladou o rexixitamento e condena dos feitos, así como o seu apoio incondicional ás mulleres afectadas, acordando solicitar do Estado o desenvolvemento urgente de toda clase de medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que perseguen a erradicación deste tipo de accións.

Deste xeito, proponse á Comisión a adopción dun pronunciamento similar ao acordado no pleno do Consello Galego das Mulleres, para trasladar este asunto ás autoridades competentes na materia, como o 'Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades', o 'Observatorio Estatal contra la Violencia de Género' e a Delegación do Goberno en Galicia.

As persoas integrantes da Comisión acordan proceder ao traslado indicado anteriormente."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:43:34





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:43:29
Nº Rexistro: 22126
Data envío: 20/09/2021 12:43:29.062
Data 20/09/2021 12:43

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 14501**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a xestión do Goberno galego en relación co emprego e co Servizo Público de Emprego de Galicia**”, (publicada no BOPG número 131, do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Público de Emprego de Galicia estase a realizar un esforzo na mellora da intermediación laboral.

En Emprego Galicia prestase un servizo público que ten como destinatarias as persoas demandantes de emprego e as empresas. O noso obxectivo é a mellora e a maior utilidade do Servizo Público de Emprego. Para isto nos últimos meses adoptáronse unha serie de medidas que producirán un aumento da intermediación laboral.

1. Servizo de Prospección laboral. Actualmente contase; con persoal prospector nas oficinas de emprego de Galicia en contacto co tecido empresarial para asesorar, informar e captar ofertas de emprego de empresas, xestorías e asociacións de empresas.
2. No pasado mes de maio lanzouse a nova oficina virtual para as empresas. Este portal web permite ás empresas achegar as súas ofertas de emprego de xeito sinxelo e seguro. Unha vez recibida a oferta, a oficina de emprego contacta coa empresa para a definición concreta da oferta e informar do proceso e do funcionamento do servizo público.
3. No mesmo mes aprobase unha nova instrución de ofertas que se centra en mellorar a calidade da xestión, fomentando o contacto coa empresa para prestar información, na difusión de todas as ofertas no portal de emprego, e procura maximizar as posibilidades de éxito na intermediación mediante un novo esforzo de comprobación



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

da dispoñibilidade das persoas demandantes de emprego que realizan desde as oficinas de emprego.

4. Creouse un novo formulario de solicitude de oferta, para os supostos nos que se empreguen outros medios diferentes á oficina virtual de empresas. Tamén elaboráronse documentos informativos, claros, concisos e sinxelos para que as oficinas de emprego e o persoal de prospección os empreguen nas comunicacións que reciban ou emitan por correo electrónico. Nestes documentos explicase todo o proceso de intermediación laboral e tanto o servizo de prospección como a oficina de emprego competente pónense a disposición da entidade oferente para resolver dúbidas.

En canto a mellora da empregabilidade das persoas demandantes de emprego e a necesidade dunha análise do mercado de traballo para poder realizar os itinerarios de inserción, desde a Consellería de Emprego e Igualdade estase a planificar unha nova ferramenta informática de big data e intelixencia artificial que posibilitará, tanto ao persoal do Servizo Público de emprego de Galicia como á persoa demandante de emprego a través da oficina virtual de emprego, consultar e valorar más axeitadamente as súas necesidades para orientar con maiores posibilidades de éxito a súa intermediación laboral.

Ao mesmo tempo, desde o grupo de traballo estatal de EURES - ESCO lévase anos traballando, xunto co resto de países da Unión Europea, na transición desde un sistema de intermediación baseado en ocupacións a un sistema de intermediación a través de competencias. Dada a importancia desta transición, e a necesidade de coordinación estatal e comunitaria entre todos os territorios afectados, estanse a seguir as indicacións e os tempos indicados no grupo de traballo estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:43:25





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2021 13:23:24
Nº Rexistro: 22422
Data envío: 22/09/2021 13:23:24.568
Data 22/09/2021 13:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número 14545, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as subvencións convocadas para o ano 2021 e nos últimos cinco anos para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración cos concellos**”, (publicada no BOPG número 131, do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 7 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urgente número de rexistro 14371 sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da implementación da convocatoria para o ano 2021 das axudas e subvencións destinadas aos concellos e orientadas ao fomento do emprego e á mellora da empregabilidade, así como á contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Destacándose que a aposta da Xunta por fomentar o emprego e mellorar a empregabilidade dos galegos e galegas pasa polo reforzo da colaboración administrativa coas entidades locais a través das tres ordes de axudas seguintes, entre outras medidas:

- Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).
- Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



- Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural).

Así, neste senso, as axudas destinadas á contratación de persoas perceptoras da Risga, contan neste 2021 cun orzamento de 7,7 millóns de euros en toda Galicia para dar apoio a 165 concellos ou agrupacións de municipios; as axudas para apoiar a contratación de persoas sen emprego para a realización de servizos de interese xeral e social nas que para 2021 o investimento é de 1,5 millóns de euros e o programa Aprol Rural para apoiar a contratación a través dun investimento de 7 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2021 13:23:20





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:43:20
Nº Rexistro: 22125
Data envío: 20/09/2021 12:43:20.812
Data 20/09/2021 12:43

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 14695**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar as condicións salariais e laborais do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña**”, (publicada no BOPG número 131 do 29 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 11 de maio de 2021 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urgente 15673 sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento galego.

Segundo o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Traballadores, e no seu artigo 82 referido a “concepto e eficacia”, establecécese o seguinte:

- Os convenios colectivos, como resultado da negociación desenvolta polos representantes dos traballadores e dos empresarios, constitúen a expresión do acordo libremente adoptado por eles en virtude da súa autonomía colectiva.
- Mediante os convenios colectivos, e no seu ámbito correspondente, os traballadores e empresarios regulan as condicións de traballo e de produtividade. Igualmente poderán regular a paz laboral a través das obrigacións que se pacten.
- Os convenios colectivos regulados por esta lei obrigan a todos os empresarios e traballadores incluídos dentro do seu ámbito de aplicación e durante todo o tempo da súa vixencia.

A Administración autonómica non pode nin debe inmiscirse nas negociacións que se manteñen entre a patronal e os traballadores. Porén, sempre intenta garantir que os



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



traballadores saiban que teñen á súa disposición tanto a Dirección Xeral de Relacións Laborais como o Consello Galego de Relacións Laborais, para calquera consulta técnica, xestión ou axuda na negociación coa patronal.

Respecto ás condicións que garante a Xunta de Galicia a través dos contratos mantidos para a limpeza dos edificios administrativos de titularidade autonómica na provincia da Coruña, que ademais de respectar as condicións establecidas no convenio colectivo, as mellora:

- Así, en canto á retribución mensual (12 mensualidades) o convenio provincial establece 1.298,98 € e Xunta paga 1.438,62 €. É dicir, un 10,7% máis.
- Tamén ofrece un complemento mensual por antigüidade (ao persoal cunha media de 6 trienios) de 187,5 €. Condición que non se contempla no convenio provincial.
- En canto á posibilidade de dispoñer de días por asuntos propios, a Xunta ofrece 11 días retribuídos mentres que non se contempla ningún no convenio provincial.
- No relativo ás vacacións, teríamos por unha banda os 30 días naturais do convenio provincial e por outra o mes natural máis dous días adicionais da Xunta.

E por último, no referido á xornada de traballo, habería que comparar as 39 horas semanais do convenio provincial fronte as 37,5 horas semanais durante 9 meses e as 30 horas semanais durante 3 meses que estipula a Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:43:16





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 14785, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións e os prazos previstos pola Xunta de Galicia para solucionar os problemas de falta de información, así como de recorte de frecuencias e paradas do servizo de autobús na comarca das Mariñas e nas conexións coas cidades da Coruña e Ferrol**”, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**, que ten o seguinte contido:

“Coa implantación do Plan de Transporte Público Galicia as necesidades de mobilidade dos veciños melloráronse ostensible. En todo caso, todos os contratos que desenvolven o Plan de Transporte Público de Galicia teñen unha configuración flexible, o que permite, en caso de que sexa necesario, corrixir, de xeito áxil e eficaz, todas as incidencias que se poidan producir en relación á prestación dos servizos de transporte interurbano dependentes da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/09/2021 14:01:18





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 12:43:11
Nº Rexistro: 22124
Data envío: 20/09/2021 12:43:11.890
Data 20/09/2021 12:43

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 15370**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as previsións da Xunta de Galicia para pór en marcha un procedemento que permita a corrección progresiva da linguaxe sexista da lexislación autonómica actualmente en vigor**”, (publicada no BOPG número 135, do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**, que ten o seguinte contido:

“A erradicación do uso da linguaxe sexista está recoñecida dentro do ordenamento xurídico galego. Así, o vixente Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dedícalle o capítulo II so seu título I a regular a erradicación do uso sexista da linguaxe, establecendo no seu artigo 11 a definición do uso non sexista da linguaxe e regulando no artigo 12 a erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social.

Tal e como se indica na exposición de motivos da pregunta parlamentaria, para garantir a utilización dunha linguaxe normativa non sexista, no informe de impacto de xénero que, de acordo co artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, debe acompañar ás proposicións de lei e os proxectos de lei presentados no Parlamento de Galicia, inclúese unha análise da linguaxe normativa desde o punto de vista do xénero, efectuándose no devandito informe as recomendacións necesarias para garantir a erradicación do uso da linguaxe sexista, tal e como se esixe legalmente.

Non obstante, esta revisión do uso da linguaxe sexista non se efectúa únicamente coas normas con rango de lei, senón tamén coas normas de rango regulamentario, tal e como se establece no artigo 8 do indicado Decreto lexislativo 2/2015. De acordo con este precepto, o artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de febreiro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prevé así mesmo a emisión do informe de impacto de xénero dentro do procedemento para a aprobación dos regulamentos autonómicos con repercusións en cuestións de xénero.

En desenvolvemento da indicada normativa, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 establece como unha prioridade de actuación do goberno autonómico ‘consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas’, ao entender que unha



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

gobernabilidade renovada, que aposte claramente pola integración do principio de igualdade de mulleres e homes, debe reflectirse nunha comunicación institucional que utilice unha linguaxe e imaxes inclusivas. A proxección da administración galega no conxunto da sociedade a través dos seus contidos comunicativos ten que basearse no uso dunha linguaxe, mensaxes e contidos visuais que contribúan á transformación social, afastados de estereotipos sexistas configurados a partir dunha asignación de roles e valores diferenciados en función do sexo. Deste xeito, a revisión da utilización dunha linguaxe inclusiva non queda limitada a este ámbito, senón que se estende ao conxunto da producción documental da Administración autonómica, revisándose ademais das normas, tamén outros actos administrativos, informes, publicacións, etc, reforzando os coñecementos do persoal da administración autonómica a través de distintas actividades de formación continúa neste eido.

Cítanse na pregunta como exemplos de utilización dunha linguaxe sexista, que aínda subsisten no ordenamento xurídico autonómico, a institución do Valedor do Pobo.

En relación co anterior é preciso ter en conta, tal e como se indicou anteriormente, que é unha prioridade de actuación do goberno autonómico ‘consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas’, non obstante, isto debe levarse a cabo con pleno respecto aos principios de legalidade e de xerarquía normativa. Así, a denominación actual do Valedor do Pobo, institución regulada a nivel lexislativo pola Lei 6/1984, do 5 de xuño, ven establecida polo artigo 14 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que á súa vez fai referencia expresa á institución do ‘Defensor del Pueblo’ prevista no artigo 54 da Constitución Española. Nin o artigo 54 da Constitución Española nin a Lei orgánica 3/1981, do 6 abril, pola que se regula a institución do ‘Defensor del Pueblo’ teñen modificado aínda a súa denominación para adaptarse ao previsto no artigo 14.11^a da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en relación á utilización dunha linguaxe normativa non sexista, mantendo actualmente a denominación de ‘Defensor del Pueblo’, á que se remite o Estatuto de Autonomía de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:43:08





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 15551, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as previsións da Xunta de Galicia para o depósito dos lodos procedentes do río Lérez**”, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 27 de abril de 2021, a presidenta de Portos de Galicia trasladaba ás confrarías de Pontevedra, a decisión do Goberno central de non permitir máis depósitos de áridos ata a realización dun estudo de alternativas no punto de depósito que o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico tiña autorizado con carácter permanente no exterior da ría de Arousa. Esta decisión afecta ao conxunto das dragaxes previstas para todo o sur de Galicia e de xeito concreto ao proxecto de dragaxe do Lérez.

A presidenta de Portos de Galicia informou desta circunstancia aos patróns maiores das confrarías que xestionan a lonxa de Campelo -as de Pontevedra, Lourizán e Raxó-, así como ao presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores Pontevedra, que solicitaron unha entrevista con anterioridade a coñecerse a nova directriz estatal.

A presidenta de Portos de Galicia indicou que a decisión do Goberno central conleva unha nova tramitación para o depósito do material da dragaxe do Lérez dado que non poderá realizarse ata presentar ao Ministerio un estudo de alternativas ao punto que se viña utilizando desde 1998. Deste xeito, condiciona os avances da obra, que conta cunha partida orzamentaria na súa tramitación de 200.000 euros xa en execución para 2021. Ademais, durante os dous últimos anos, Portos de Galicia ten investido outros 200.000 euros na tramitación ambiental realizada para cambiar o punto de depósito da zona de Tambo, previsto inicialmente polo ente público, ao punto exterior denominado Sálvora.

Portos de Galicia está a impulsar con carácter urxente unha comisión técnica coas Autoridades Portuarias, dependentes de Portos do Estado e afectadas tamén pola decisión do Ministerio de



Xacobeo 21·22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 20/09/2021 12:42:54

Nº Rexistro: 22122

Data envío: 20/09/2021 12:42:54.484



Transición Ecolóxica, para propoñer posibles alternativas para un novo punto de depósito. Este traballo ten carácter prioritario para o ente público autonómico dado que a autorización dun punto de depósito estable é condición necesaria para a viabilidade dos proxectos de dragaxe de toda a franxa costeira desde Muros cara ao sur.

Dende Portos de Galicia se propuxo ao sector a creación dunha mesa de traballo coas confraría s de pescadores a través da Federación Galega de Confraría s de Pescadores, as organización s de produtores e outras entidades profesionais xunto coas administración s implicadas para afondar nas alternativas para axilizar ao máximo e con garantías a autorización do novo punto de depósito dos materiais a dragar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21·22

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNIS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2021 12:42:51



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNNS E ÓRGANOS

- 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO
- 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNNS E CORRECCIÓNNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNNS

4.2. CORRECCIÓNNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

